



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CRA DE VALGA

CURSO: 2025-2026

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 14/10/2025

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 14/10/2025

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 14/10/2025

TÁBOA DE CONTIDO

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO	4
2. CALENDARIO DO CENTRO	9
3. MODIFICACIÓNS Á CONCRECIÓN CURRICULAR.....	10
5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE.....	10
6. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	11
7. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO	14
8. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS.....	16
9. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO.....	17
10. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO	19
11. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO.....	19
12. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN/ PLAN ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA	22
13. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	23
14. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.....	25
15. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	27
16. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	27

17. PLAN ANUAL DE LECTURA.....	28
18. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL.....	31
19. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL.....	38
20. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE ..	39
21. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO	42
A. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA.....	42
B. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	43
22. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL	46
23. PLAN DE APOIO (AL)	53
24. PLURILINGÜISMO.....	64
A. PROFESORADO RESPONSABLE	64
B. CENTROS PLURILINGÜES.....	65
C. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA	65
25. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL.....	65
26. PLAN DE IGUALDADE. CONCRECIÓN ANUAL	69
27. PLAN PROXECTA	71
28. PROGRAMAS PARA O IMPULSO DE CENTROS REFERENTES.....	75
29. OUTROS PANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.....	79
30. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	84

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

Obxectivo 1: Elaborar e actualizar a documentación de centro			
Acción 1	Elaborar e actualizar a documentación de centro que sexa necesaria		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Elaboración do Plan de Acción Titorial, do Plan de Igualdade, do Plan de Biblioteca, do Plan de Integración das TIC, do Plan de Promoción estilos de hábitos saudables.		
Responsables	Equipo directivo e os diferentes coordinadores e equipos do centro.		
Recursos e materiais	Normativa vixente, modelos achegados pola Inspección Educativo.		

Obxectivo 2: Mellorar as instalacións do centro.			
Acción 1	Mellorar os sistemas de illamento das diferentes escolas.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellorar o sistema de illamento das Escolas de Forno e Chenlo e instalación de sistemas de calefacción por bomba de calor nas escolas que faltan por ter este sistema en orde de prioridade: Forno, Xanza, Ferreirós, Vilarello.		
Responsables	Equipo directivo, Concello e Consellería.		
Recursos e materiais	Orzamentos da Consellería e Concello destinados á infraestrutura do CRA. Subvencións.		
Acción 2	Continuar coa mellora dos patios vivos, naturais e inclusivos en todas as escolas.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aproveitamento da calidade dos patios. Participación de toda a Comunidade Educativa do CRA e solicitar o programa Embelecer Valga.		
Responsables	Equipo directivo e Concello		
Recursos e materiais	Programa Embelecer Valga do Concello, Programa Voz Natura e Innovalab – Sostilab.		

Obxectivo 3: Repensar e facer melloras nos espazos das diferentes instalacións.			
Acción 1	Adquisición de mobiliario adaptado ao alumnado que contribúa ao confort da aula e dea respostas ás necesidades presentes nas escolas.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Aulas dotadas de mobiliario funcional e adaptado aos nenos/as.		
Responsables	Equipo directivo e Consellería.		
Recursos e materiais	Petición de mobiliario á Consellería antes do mes de outubro. Gastos de funcionamento do centro.		
Acción 2	Solicitar ao concello o local que se atopa en Campaña para a instalación da biblioteca e solicitar madrugadores e comedor escolar.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Melloras nos espazos e servizos que ofrece o centro.		
Responsables	Equipo directivo, equipo de ciclo e equipo de biblioteca, Concello e Consellería.		
Recursos e materiais	Plans e programas da Consellería. Gastos de funcionamento do centro. Aportacións do Concello.		

Obxectivo 4: Contribuír á innovación e á mellora da calidade educativa.			
Acción 1	Mellora da formación do profesorado mediante un plan de formación adaptado ás necesidades do centro.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Creación de grupos de traballo en diferentes liñas, especialmente en innovación educativa e dixital.		
Responsables	Equipo directivo e Coordinadores do PFPP.		
Recursos e materiais	PFPP, CFR Pontevedra, asesor de zona...		
Acción 2	Participación nos Plans e Proxecto da Consellería para a innovación e mellora da calidade educativa.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒

Indicador	Solicitude e desenvolvemento dos diferentes Plans e Proxectos da Consellería en materia de innovación e mellora da calidade educativa.
Responsables	Equipo directivo e coordinadores dos diferentes programas e plans.
Recursos e materiais	Consellería de Educación e persoal do centro.

Obxectivo 5: Promover a igualdade entre os membros da comunidade educativa.			
Acción 1	Participar nos programas da Consellería de Educación e outros como a axuda á ANPA da Consellería de Igualdade.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Solicitude e implementación de programas que favorecen a igualdade e a coeducación.		
Responsables	Equipo directivo, Consellería, DO, Comisión de Convivencia, Coordinadora de Benestar...		
Recursos e materiais	ANPA, Plan de Igualdade, Plan de Convivencia.		
Acción 2	Desenvolver propostas mediante a ENAPA de formación ás familias.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Creación dunha ENAPA mediante o CFR.		
Responsables	Equipo directivo e Comisión de Convivencia, CFR, Familias.		
Recursos e materiais	Plan de Igualdade.		

Obxectivo 6: Facilitar a acollida e adaptación ao CRA dos novos membros.			
Acción 1	Acollida do persoal docente e non docente facilitando a súa adaptación ao CRA elaborando un Plan de Acollida axeitado e actualizado e levándoo á práctica.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Satisfacción e integración do novo profesorado (tanto en setembro coma o profesorado que se incorpora ao longo do curso realizando substitucións, períodos de prácticas...).		
Responsables	Equipo directivo.		
Recursos e materiais	Plan de Acollida de novo profesorado.		
Acción 2	Adaptación do novo alumnado e das súas familias.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Grao de satisfacción das familias e valoración do período de adaptación. Desenvolvemento de Xornadas de Portas abertas e difusión da mesma.		
Responsables	Equipo Directivo, Equipo de Ciclo, Equipo TIC.		
Recursos e materiais	Plan de Adaptación, Redes sociais, trípticos e carteis divulgativos, radio Valga, notas de prensa, Páxina Web do Concello...		

Obxectivo 7: Facilitar a información e comunicación con toda a comunidade educativa			
Acción 1	Apertura das distintas escolas á participación das familias e facilitación da comunicación bidireccional por diferentes vías. Emprego do AbalarMobil para as comunicación.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Grao de participación e comunicación das familias na vida diaria do centro.		
Responsables	Equipo directivo e titoras.		
Recursos e materiais	Teléfonos móbiles das escolas, email, AbalarMóbil, páxina web e blog do centro, redes sociais...		

Obxectivo 8: Favorecer o traballo en equipo de toda a comunidade escolar			
Acción 1	Dinamizar os diferentes equipos de cara a coordinar actuacións e proxectos.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Número de proxectos levados a cabo (FestiValga, Biblioteca central e "Martes de Conto", Xornadas de Convivencia, Festas conxuntas, PDI compartido, saídas...).		

Responsables	Equipo directivo, coordinadoras e titoras.		
Recursos e materiais	PE, metodoloxía compartida, PDI de centro, reunións semanais...		
Acción 2	Crear un bo clima e ambiente de traballo.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Aumentar as actuacións que afecten ao ámbito humano fomentando a convivencia.		
Responsables	Equipo directivo, Comisión de Convivencia e Equipo Docente.		
Recursos e materiais	Plan Proxecta, PIE, Plan de Convivencia, Plan de Acollida, Sesións de presentación e cohesión de grupo... Sala de mestras confortable e funcional, aulas cálidas e cómodas, elaboración de horarios...		

Obxectivo 9: Mellorar a comunicación e coordinación entre os centros educativos e organismos do Concello.			
Acción 1	Establecer canles de comunicación e reunións periódicas.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Participación dos distintos centros en actividades conxuntas (FestiValga, Concertos Didácticos, Embelecer Valga, xuntanzas de Equipos Directivos, festivais conxuntos...).		
Responsables	Equipo directivo, coordinadora de ciclo, Departamento de Orientación e titoras.		
Recursos e materiais	Canles de comunicación, diferentes eventos compartidos (Embelecer Valga, FestiValga Eurovisión, visita aos centros receptores de alumnado, reunións para a coordinación entre etapas infantil-primaria...).		

Obxectivo 9: Dinamizar a biblioteca centralizada do CRA.			
Acción 1	Continuar formando parte da rede de centros con PLAMBE e dinamización do noso proxecto.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Aprobación da continuidade na rede de centros do PLAMBE.		
Responsables	Equipo de biblioteca e Equipo Directivo.		

Recursos e materiais	Solicitude de acordo ao establecido na normativa. Asesoría de Bibliotecas Escolares.		
Acción 2	Apertura da biblioteca da sede en horario de tarde con quendas de garda e contacontos e/ou obradoiros realizados tanto por profesorado coma por familias e alumnado.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Grao de asistencia, participación e satisfacción das familias e alumnado.		
Responsables	Responsable Equipo de Biblioteca e todo o profesorado.		
Recursos e materiais	Canles de comunicación coas familias para a difusión das actividades da biblioteca, carteis informativos, dotación axeitada da propia biblioteca, quendas de garda do profesorado...		

2. CALENDARIO DO CENTRO

HORARIO LECTIVO	9:00 – 14:00 horas (alumnado) 8:45 a 14:15 e martes de 15:30 a 18:00 horas (profesorado)
HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	Equipo Directivo: de luns a xoves de 13 – 14 e martes de 17 a 18 horas. Titorías: martes de 17 a 18 horas con cita previa. Apertura da biblioteca: martes de 17 a 18 horas.
DÍAS NON LECTIVOS SOLICITADOS	3 de febreiro (festivo local) e 4 de maio (elixido en coordinación por todos os centros de Valga).
DATA DA SESIÓN DE AVALIACIÓN INICIAL	30 de setembro
DATAS DAS SESIÓNS DE AVALIACIÓN PARCIAIS	1ª avaliación parcial: 16/12/25 2ª avaliación parcial: 17/3/26 3ª avaliación parcial: Ao remate do período lectivo. Pendente de determinar.
DATAS DA AVALIACIÓN FINAL	Ao remate do período lectivo. Pendente de determinar.
HORARIO DE VERÁN	De 10 a 13. Concertar cita previamente.

3. MODIFICACIÓN Á CONCRECIÓN CURRICULAR.

O PDI que se levará a cabo no presente curso é "De feira en feira". Pode consultarse a concreción curricular aquí.

4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

O centro non dispón de servizos complementarios de comedor, transporte escolar e/ou madrugadores. O Concello conta cun microbús que pon á disposición do CRA para saídas na contorna próxima e do que facemos uso para a realización de moitas das actividades complementarias como as Xornadas de Convivencia entre escolas ou visitas á Biblioteca central da Sede.

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE

- Estratexias metodolóxicas e organizativas.

Dotarase dun maior apoio e reforzo nas aulas con maior necesidade debido ás súas características. Priorizarase a atención educativa a alumnado NEAE por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e da apoio.

- Materiais e recursos específicos.

1 mestre de AL con praza definitiva no centro.

1 orientador compartido co CEP Ferro Couselo.

6. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

ADSCIRCIÓN DO PROFESORADO:

CLAUSTRO DE PROFESORADO	
CAMPAÑA (TITORA)	Sandra Busto Iglesias
CHENLO (TITORA)	Marta Pérez Mosquera
FERREIRÓS (TITORA)	Samai Rosales Goye
FORNO (TITORA)	Tamara García Castro
VILARELLO (TITORA)	Antía Raquel Piñeiro Otero
XANZA (TITORA)	Mercedes Troáns Portas
APOIO (XANXA- CHENLO)	Cristina Barros Martínez
APOIO (VILARELLO- FERREIRÓS)	Sara Veiga López
APOIO (CAMPAÑA- FORNO)	Sara Costa Mosquera
EDUCACIÓN FÍSICA	Daniel Cabanas Chedas
EDUCACIÓN MUSICAL	María Consuelo Iglesias Fernández
INGLÉS	Paula Rodríguez Noya
AL	Noemi Ventureira Carrascosa
ORIENTADOR	Pablo Alvar López
RELIXIÓN	Carmen Seoane Rey

ÓRGANOS DE GOBERNO

EQUIPO DIRECTIVO
Dirección: Sara Costa Mosquera

Secretaría: Marta Pérez Mosquera

CONSELLO ESCOLAR	
PRESIDENTA	Sara Costa Mosquera
SECRETARIA	Marta Pérez Mosquera
REPRESENTANTES DO PROFESORADO	Cristina Barros Martínez Sandra Busto Iglesias Tamara García Castro Paula Rodríguez Noya Mercedes Troáns Portas
REPRESENTANTES DAS FAMILIAS	Lorena Caldelas Iglesias Jose Bodelo Sánchez Rosana Catoira Lorenzo
REPRESENTANTE DA ANPA	Ana Belén Rodríguez Rodríguez
REPRESENTANTE DO CONCELLO	Carmen Gomez Pardal

CCP

- Sara Costa Mosquera – directora
- Cristina Barros Martínez – Coordinadora de ciclo de EI
- Noemi Ventureira Carrascosa – AL
- Pablo Alvar López – Orientador
- Paula Rodríguez Noya – Coordinadora do equipo de DLG.
- Sandra Busto Iglesias – Coordinadora do equipo de biblioteca.

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Coordinadoras de equipos		Apoio ao equipo
EQUIPO DE CICLO	Cristina Barros Martínez	Todo o profesorado
BIBLIOTECA	Sandra Busto Iglesias	Tamara García Castro, Marta Pérez Mosquera, Sara Veiga López
TIC	Sara Costa Mosquera	María Consuelo Iglesias Fernández
EACE	Samai Rosales Goye	Antía Raquel Piñeiro Otero, Cristina Barros Martínez
EDLG	Paula Rodríguez Noya	Daniel Cabanas Chedas
CONVIVENCIA	Noemi Ventureira Carrascosa	Pablo Alvar López, Mercedes Troáns Portas
VOZ NATURA	Sara Veiga López	
COORDINADORAS DE PFPP		
Dixital/Polos Creativos	Sara Costa Mosquera	
InnoValga	Cristina Barros Martínez	
PROGRAMAS PARA O IMPULSO DE CENTROS REFERENTES		
INNOVA-LAB	Sara Costa Mosquera	
PIE	Marta Pérez Mosquera	
PLANS PROXECTA		
TERRA	María Consuelo Iglesias Fernández	
PVAD	Daniel Cabanas Chedas	
PAISAXE E SUSTENTABILIDADE	Mercedes Troáns Portas	
MESTRES/AS GANDEIROS/AS	Tamara García Castro	
DONAS DE SI	Noemi Ventureira Carrascosa	

PLURINFANTIL (INGLÉS E ED. FÍSICA): Paula Rodríguez Noya, Daniel Cabanas Chedas
PLAMBE: Sandra Busto, Marta Pérez, Tamara García, Sara Costa.
ERASMUS+: Marta Pérez, Tamara Castro, Antía Raquel Piñeiro, Samai Rosales, María Consuelo Iglesias, Paula Rodríguez.
PLAN FOMENTO DO USO DO GALEGO: Paula Rodríguez Noya

7. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

	ÓRGANOS	PLAN DE ACTUACIÓN
ÓRGANOS DE GOBERNO	<i>EQUIPO DIRECTIVO</i>	- Dirixir e coordinar a actividade, a organización e economía do CRA.
	<i>CONSELLO ESCOLAR</i>	- Participar na xestión do CRA e decidir sobre os aspectos non docentes.
	<i>CLASUTRO</i>	- Participar, coordinar e decidir sobre os aspectos docentes.
ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	<i>EQUIPO DE CICLO</i>	- Coordinar toda a actividade do ciclo. - Organizar e desenvolver as ensinanzas propias do ciclo.
	<i>CCP</i>	- Revisar e coordinar as programacións e proxectos.
	<i>EDLG</i>	- Fomentar o uso do galego a nivel de profesorado, en todos os actos académicos.

		<ul style="list-style-type: none"> - Aumentar a competencia do alumnado no uso do galego. - Acadar unha mellora da competencia en galego ao remataren a escolarización no CRA.
	<i>EACES</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinar todo tipo de actividades complementarias e extraescolares do CRA.
	<i>EQUIPO DE BIBLIOTECA</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinar o desenvolvemento do Plan Lector. - Desenvolver o PLAMBE.
	<i>EQUIPO DE CONVIVENCIA</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Promover unha convivencia e benestar positivo no clima do CRA. - Desenvolver propostas para a mellora da convivencia e do benestar do alumnado e do profesorado.

ÓRGANOS	PLAN DE ACTUACIÓN
<i>EQUIPO DIRECTIVO</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación de todo o equipo semanalmente: martes e xoves de 13:00 a 14:00.
<i>CONSELLO ESCOLAR</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Polo menos unha sesión ordinaria trimestral.
<i>CLAUSTRO</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Unha sesión mensual.
<i>EQUIPO DE CICLO</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Unha sesión mensual.
<i>CCP</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Unha sesión mensual.

<i>EDLG</i>	- Unha sesión mensual.
<i>EACES</i>	- Unha sesión mensual.
<i>EQUIPO DE BIBLIOTECA</i>	- Unha sesión mensual.
<i>EQUIPO DE CONVIVENCIA</i>	- Unha sesión mensual.
<i>DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</i>	- Unha sesión mensual.

8. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS

Co fin de atender as labores específicas, de atender ao público e facer un traballo coordinado, o equipo directivo vai a seguir o seguinte horario na sede do CRA durante o período lectivo:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
		<i>09:00 – 10:00</i> <i>DIRECCIÓN</i>		<i>09:00 – 10:00</i> <i>DIRECCIÓN</i>
		<i>10:00 – 11:00</i> <i>DIRECCIÓN</i>		
<i>11:00 – 12:00</i> <i>SECRETARÍA</i>				
	<i>12:00 – 13:00</i> <i>DIRECCIÓN</i>		<i>12:00 – 13:00</i> <i>SECRETARÍA</i>	<i>12:00 – 13:00</i> <i>DIRECCIÓN</i>
<i>13:00 – 14:00</i> <i>DIRECCIÓN</i>	<i>13:00 – 14:00</i> <i>DIRECCIÓN</i> <i>SECRETARÍA</i>	<i>13:00 – 14:00</i> <i>DIRECCIÓN</i>	<i>13:00 – 14:00</i> <i>DIRECCIÓN</i> <i>SECRETARÍA</i>	

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

- Telefónica: dentro do horario adicado á dirección, tanto no teléfono fixo da sede como no móbil da dirección e os martes á tarde de 17:00 a 18:00.
- Presenciar: dada as características do CRA, prégase chamar previamente por teléfono por se por calquera imprevisto tivésemos que estar noutra escola ou para pedir cita.
- Correo electrónico corporativo: cra.valga@edu.xunta.gal

9. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

Actividade formativa/programa: Innovalga						
Descrición do programa	Seguindo as liñas de traballo dos anteriores cursos, no presente queremos continuar mellorando a calidade educativa con novos recursos e aplicación de novas metodoloxías vivas e activas na práctica docente. Trátase dun seminario de 40 horas.					
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input checked="" type="checkbox"/>		3º T <input checked="" type="checkbox"/>	
Responsables	CFR de Pontevedra					
Participantes	Profesorado do CRA.			Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		
Nome coordinador	Cristina Barros					
Nome asesor externo	Luís Velay					

Actividade formativa/programa: Dixital						
Descrición do programa	Seguindo as liñas de traballo do curso pasado, no presente queremos continuar mellorando a calidade educativa con novas aportacións de materiais e metodoloxías no eido dixital. Trátase dun seminario de 20 horas.					
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Trabajo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller

Horas	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Responsables	CFR de Pontevedra		
Participantes	Profesorado do CRA.	Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
Nome coordinador	Sara Costa		
Nome asesor externo	Luís Velay		

Actividade formativa/programa: Programas educativos						
Descrición do programa	Seguindo as liñas de traballo do curso pasado, no presente queremos continuar participando en programas educativos no eido da innovación para a mellora da práctica educativa. Trátase dun seminario de 20 horas.					
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Traballo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>			
Responsables	CFR de Pontevedra					
Participantes	Profesorado do CRA	Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>				
Nome coordinador	Sara Veiga					
Nome asesor externo	Luís Velay					

Actividade formativa/programa: Internacionalización						
Descrición do programa	O curso pasado solicitouse a participación no programa Erasmus+ de aí que este ano lle deamos continuidade e aumentemos a proposta de internacionalización da escola co programa Observa Acción. Trátase dun seminario de 20 horas.					
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Traballo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller

Horas	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Responsables	CFR de Pontevedra		
Participantes	Profesorado do CRA	Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
Nome coordinador	Marta Pérez		
Nome asesor externo	Luís Velay		

10. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES

ESTABLECIDOS NO CENTRO

Ao longo deste curso levaremos a cabo un proxecto anual de forma transversal no que profundizaremos no coñecemento da nosa Comunidade Autónoma e sobre todo da nosa contorna. Abordaremos esta temática dende diferentes perspectivas: arte, gastronomía, xeografía, costumes, tradicións, folclore, o patrimonio cultural material e inmaterial, festas, profesións tradicionais, mitoloxía..., sendo unha temática tan extensa, atenderase aos intereses, inquedanzas e curiosidades do alumnado de xeito globalizado e flexible, tal e como se require nesta etapa. Os materiais empregados serán de elaboración propia realizados polos propios docentes.

11. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Samai Rosales Goye	1	Educación Infantil
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Cristina Barros Martínez		Educación Infantil
Antía Raquel Piñeiro Otero		Educación Infantil

- **Actividades complementarias** (*Realízanse en horario lectivo ou abarcan parte do mesmo, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo e recursos que utiliza*):

Actividades	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Visita á BiblioteCRA polo Día das Bibliotecas Escolares	Mes de outubro	4º, 5º E 6º de EI	Coordinadora EACE e Biblioteca
Magosto	Venres 24 de outubro	4º,5º E 6º de EI	Coordinadora EACE e EDLG
Samaín	Xoves 30 de outubro	4º, 5º E 6º de EI	Coordinadora EACE e EDLG
Conmemoración do Día Universal da Infancia.	20 de novembro	4º, 5º E 6º de EI	Titoras e Mestra de Relixión
Conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero	25 de novembro	4º,5º E 6º de EI	Coordinadora de convivencia
Conmemoración do Estatuto de autonomía de Galicia	1 de decembro	4º, 5º e 6º de EI	Titoras
Conmemoración do Día Internacional das persoas con Discapacidade	Mes de decembro	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora de convivencia.
Visita ao Belén Artesanal de Valga e ao Forno Garden.	Mes de decembro	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora EACE
Celebracións de Nadal nas escolas e Auditorio de Cordeiro	Mes de decembro	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora EACE

Conmemoración do Día Internacional da Educación	24 de Xaneiro	4º, 5º e 6º de EI	Titoras
Conmemoración do Día Escolar da non violencia e da Paz	30 de Xaneiro	4º, 5º e 6º de EI	Titoras e mestra de Relixión
Celebración de Entroido	Semana do 9 ao 13 de Febreiro	4º, 5º e 6º de EI	Todo o profesorado
Visita á Casa-Museo de Rosalía	Semana do 23 ao 27 de Febreiro	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora EACE, EDLG e Biblioteca
Conmemoración do Día Internacional da Muller	8 de marzo	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora de convivencia
Visita a Apópolis	24 de marzo	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora EACE
Semana da Prensa	Mes de marzo	4º, 5º e 6º de EI	Titoras
Conmemoración do Día das Artes Galegas	1 de abril	4º, 5º e 6º de EI	Titoras e EDLG
Semana do Libro	Semana do 23 de abril	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora de biblioteca
Etapas do Camiño de Santiago	Mes de abril/maio	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora EACE
Conmemoración do Día Internacional contra o Acoso Escolar	2 de maio	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora de convivencia
Festivalga	15 de maio	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora EACE
Semana das Letras Galegas	Semana do 17 de maio	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora EDLG e biblioteca
Día Mundial do Medio Ambiente	5 de xuño	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora Voz Natura e titoras
Excursión a Vilagarcía	Mes de xuño	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora EACE
Contacontos peche de BiblioteCRA	Mes de xuño	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora biblioteca

Visita aos centros receptores de Primaria	Mes de xuño	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora de ciclo, convivencia e EACE
Xornada de convivencia co alumnado de nova incorporación	Mes de xuño	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora de ciclo, convivencia e EACE
Festa de final de curso e graduación	Mes de xuño	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora de ciclo e EACE
Xornadas de convivencia nas escolas	Todo o ano	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora de ciclo, convivencia, EACE e titoras.
Visitas á BiblioteCRA	Todo o ano	4º, 5º e 6º de EI	Coordinadora de biblioteca e titoras.
Sáidas pola contorna das escolas.	Todo o ano	4º, 5º e 6º de EI	Titoras co profesorado de apoio.

- **Actividades extraescolares** (*sempre fóra do horario lectivo*).

Actividades	Responsables
Martes de Conto na BiblioteCRA	Claustro de mestres.
Acrogym	ANPA
Zumba	ANPA
Pintura	ANPA
Piscina	ANPA

12. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN/ PLAN ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

Segundo o RD 393/2007 de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, no anexo 1, apartado 2, Actividades sen reglamentación sectorial específica, punto e) Actividades docentes, "débase elaborar o Plan de Autoprotección nos establecementos de uso docente

sempre que dispoña dunha altura igual ou superior a 28 metros ou dunha ocupación igual o superior a 2000 persoas". Posto que non se cumpren estas condicións no noso centro, non estamos na obriga de elaboralo.

Sen embargo, dispoñemos de protocolos de actuación ante posibles emerxencias que poidan xurdir no día a día nas diferentes aulas. Estes protocolos están recollidos nas "carpetas de urxencias" das aulas e da sala de mestras nun lugar visible das mesmas. Ademais, dispoñemos nas aulas do "Botón" de urxencias proporcionado pola Consellería. En setembro realízase unha revisión de todas as caixas de urxencia, extintores, pragas... incorpóranse ao Plan Alerta o alumnado novo que poida presentar alerxias/diabetes/epilepsia, cumpríntanse os informes individualizados do alumnado con enfermidade crónica e fórmase ao profesorado nos casos concretos do alumnado. Tamén se solicita a colaboración do Concello e Protección Civil para a realización dun simulacro durante o 1º trimestre do curso.

13. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Contamos no centro con 2 coidadores: Javier e María. O seu horario é de 09:00 a 14:00 horas.

Javier atende as necesidades da Escola de Vilarello e da Escola de Ferreirós e Maria as da Escola de Chenlo e Xanza.

Para organizar e coordinar as tarefas que realizan manteñen contacto directo coas mestras titoras e especialistas que acuden ás aulas e do xefe do DO.

Entre as súas funcións atópanse:

- Emprego de estratexias de aprendizaxe motivadoras que eviten a dependencia excesiva.

- Empregar unha linguaxe sinxela, explícita e concreta, mostrándonos próximos, poñéndonos á súa altura para que vexa a nosa cara, e sen uso de dobres sentidos, sentidos figurados, ironías.
- Anticipar os cambios físicos e/ou sensoriais que poidan darse dentro da aula: cambios de mobiliario, decoración, traslado a outra aula,...
- División das tarefas noutras máis pequenas, establecendo pasos intermedios.
- Realización dunha avaliación inicial a comezos de curso para ver os aspectos a traballar co alumnado despois do período de vacacións.
- Emprego de técnicas como o moldeamento e axuda do adulto ata que o alumnado logre facelo por si mesmo.
- Apoio condutual positivo, autoinstrucións.

Entre os obxectivos a acadar coa actuación do persoal coidador atópanse:

- Favorecer a autonomía persoal do alumnado a través do desenvolvemento de hábitos e rutinas.
- Desenvolver as técnicas necesarias para a adquisición de destrezas alimentarias na hora da merenda (abrir/errar, enroscar/desenroscar...)
- Supervisar e apoiar ao alumnado na súa hixiene e aseo (vestido/desvestido, abotoado/desabotoado...).
- Contribuír ao benestar do alumnado nas saídas e desprazamentos fora do centro, e en aquelas actividades que se saen da rutina.
- Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo.

14. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

O Plan Xeral que artellamos para a potenciación das relacións entre as familias e a escola, levarase a cabo a través das vías seguintes:

Temporalización	Vías de participación	Obxectivos	Responsables	Recursos
Setembro	Reunión xeral coas familias en cada escola.	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer á titora. Dar a coñecer o calendario escolar. - Informar sobre o desenvolvemento do curso e o profesorado que atenderá ao alumnado. - Presentar o plan de acollida para levar a cabo o período de adaptación - Presentar propostas de aula. - Normas e funcionamento da escola... 	Titoras	<ul style="list-style-type: none"> - Modelo de reunión facilitado ás titoras. - Documentación para entregar ás familias. - Documentación da ANPA.
	Plan de acollida dos nenos/as de nova incorporación: período de adaptación	Facilitar o cambio emocional que suporía a incorporación á escola dos nenos/as para eles, para as súas	Mestre/a titor/a Colaboran os/as especialistas	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas - Rexistro das entrevistas - Encontros informais - Calendario de incorporación

		familias e para os mestres/as.		dos nenos/as novos/as
De setembro a xuño Martes de 17:00 a 18:00 previo aviso	Acción titorial: entrevistas individuais dos titores/as ás familias	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer a cada familia. - Comunicación e intercambio de información familia-escola 	Mestre/a titor/a Colaboran os/as especialistas	Rexistro de entrevistas coas familias
Trimestral	Informes de avaliación	Informar sobre o plan de traballo na escola e a evolución de cada neno/a neste proceso	Mestre/a titor/a Colaboran os/as especialistas Equipo de coord. de ciclo	<ul style="list-style-type: none"> - Informe individual de cada neno/a - Entrevista individual - Rexistro da entrevista
De setembro a xuño	<ul style="list-style-type: none"> - Involucrars e nos proxectos de traballo - Aportar material. 	Compartir a vida da escola cos seus fillos/as e mestres/as.	Equipo directivo Equipo de coordinación de ciclo	<ul style="list-style-type: none"> - Notas persoais - Xuntanzas - Autorización saídas
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar as actividades extraescolares - Colaborar co equipo directivo e co equipo de ciclo. - Participar nas festas 	ANPA Equipo directivo	<ul style="list-style-type: none"> - Notas informativas. - Reunións.
Reunións, eleccións e renovación	Consello Escolar	<ul style="list-style-type: none"> - Participar nel para tomar decisións 	Dirección do centro	<ul style="list-style-type: none"> - Carta de convocatoria - Reunións

		sobre a vida no centro - Informar ós demais mestres/as e familias sobre os acordos adoptados		
Do 1 de marzo ao 15 de marzo.	Período de admisión	- Informar do período de admisión. - Informar do período de matrícula	Equipo directivo Titores/as	<ul style="list-style-type: none"> • Impreso de reserva de matrícula • Impreso de matrícula

Por ser escolas ubicadas no medio rural, non usar autobús, e seren nenos pequenos que veñen acompañados por membros da súa familia, establécese un contacto diario, quedando así establecida unha vía de relación familia-escola específica deste tipo de escola rural.

15. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Na actualidade non existe ningunha entidade que empregue as instalacións do centro salvo para actividades puntuais como a celebración de eleccións. No caso de que algunha entidade desexe facer uso das instalacións do centro deberá formular a súa petición por escrito ante a Dirección do CRA.

16. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Actividades
Acrogym

Zumba
Pintura
Piscina

17. PLAN ANUAL DE LECTURA

Obxectivo 1: Empregar a BiblioteCRA como un recurso cotiá, útil e ao servizo dos usuarios.											
Acción 1	<i>Realización de empréstimos semanais nas escolas e servizo de empréstimo durante os Martes de conto.</i>										
Indicador/es	Utilización da BiblioteCRA como fonte de adquisición de bibliografía e recursos maker, tanto de información como de gozo.										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca e profesorado do centro.										
Recursos/materiais	Fondos bibliográficos e recursos da biblioteca escolar, app KOHA.										
Acción 2	<i>Posta en marcha da proposta bibliopatios nas seis escolas que conforman o CRA.</i>										
Indicador/es	Establécese un espazo e unha organización particular en cada escola para ofrecer unha oportunidade de lectura durante os tempos de lecer.										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca e titoras.										
Recursos/materiais	Recursos da biblioteca escolar e sección de biblioteca nas escolas.										

Acción 3	<i>Utilización dos fondos e recursos da BiblioteCRA na celebración das conmemoracións recollidas no calendario anual.</i>											
Indicador/es	Ponse a disposición das escolas do CRA recursos relacionados coas diferentes festividades recollidas no calendario escolar.											
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>	
Responsable	Equipo de biblioteca e profesorado do centro.											
Recursos/materiais	Recursos da biblioteca escolar e sección de biblioteca nas escolas.											
Acción 4	<i>Utilización dos fondos e recursos da BiblioteCRA como recurso básico de información durante o desenvolvemento do PDI "De feira en feira".</i>											
Indicador/es	Utilízase a BiblioteCRA como fonte de información para nutrir o desenvolvemento do PDI anual.											
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>	
Responsable	Equipo de biblioteca e profesorado do centro.											
Recursos/materiais	Recursos da biblioteca escolar e sección de biblioteca nas escolas.											

Obxectivo 2: Fomentar o gusto pola lectura, a creatividade e o tratamento da información, tanto no alumnado como en toda a comunidade educativa.												
Acción 1	<i>Desenvolvemento da proposta As familias tamén contan durante a celebración da semana do libro, invitando ás mesmas a compartir lecturas co alumnado nas escolas en horario lectivo.</i>											
Indicador/es	Participación activa das familias na realización de contacontos.											
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input type="checkbox"/>	Nov <input type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>	

Responsable	Comunidade educativa.										
Recursos/materiais	Recursos da BiblioteCRA, recursos humanos familias e titoras.										
Acción 2	<i>Posta en marcha da dinámica Mochila viaxeira, achegando recursos relacionados co PDI aos fogares do alumnado.</i>										
Indicador/es	Préstamo semanal da mochila viaxeira en tódalas escolas con recursos variados e de calidade relacionados co PDI "De feira en feira" e libro viaxeiro.										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Comunidade educativa.										
Recursos/materiais	Mochilas viaxeiras, fondos e recursos da BiblioteCRA.										

Obxectivo 3: Promocionar a biblioteca como unha alternativa cultural e de ocio polivalente, funcional, inclusiva e próxima.

Acción 1	<i>Fomentar a visita á BiblioteCRA de autores/as, ilustradores/as ou outros axentes culturais da contorna relacionados coa biblioteca escolar ou o PDI do centro.</i>										
Indicador/es	Participación de autores, ilustradores ou axentes culturais da contorna nos <i>Martes de conto</i> .										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca, profesorado do centro e comunidade educativa.										
Recursos/materiais	Espazos do centro, recursos da biblioteca e recursos humanos que compoñen a comunidade educativa ao completo.										
Acción 2	<i>Realización de actividades de animación á lectura durante os Martes de conto.</i>										

Indicador/es	Desenvolvemento de propostas e talleres relacionados cos lectura utilizando os fondos e recursos da BiblioteCRA e implicando a toda a comunidade educativa.											
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo	
	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Responsable	Equipo de biblioteca, profesorado do centro e comunidade educativa.											
Recursos/materiais	Espazos e recursos da biblioteca escolar e recursos humanos implicados nestas actividades.											
Acción 3	<i>Diversificar a oferta de actividades e recursos da BiblioteCRA, fomentando a creatividade e a alfabetización múltiple dos usuarios.</i>											
Indicador/es	A oferta de seccións (bibliografía, espazo maker, Radio Pepa, xogos de mesa) e materiais favorece a alfabetización múltiple dos usuarios.											
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo	
	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Responsable	Equipo de biblioteca e Equipo Directivo.											
Recursos/materiais	Espazos, fondos e recursos da BiblioteCRA.											

18. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas reducción	Nivel/Especialidade
Sandra Busto Iglesias	5	Titora EI

Nome equipo apoio/dinamización	Nivel/Especialidade
Tamara García	Titora EI
Marta Pérez	Titora EI/Secretaria
Sara Veiga	Apoio EI

- Organización:

Organización biblioteca	
Horario de apertura con atención do equipo de biblioteca en horario lectivo	Non hai un horario establecido debido ás características de ubicación e dispersión das diferentes aulas do CRA. Programaranse visitas periódicas distribuídas nos tres trimestres á BiblioteCRA en coordinación co Equipo de Biblioteca, EACE e as titoras de tódalas escolas para realizar diferentes dinámicas e formación de usuarios nos espazos da BiblioteCRA.
Horario de apertura en horario non lectivo.	Martes pola tarde de 17:00 a 18:00 con gardas rotativas de todo o profesorado destinado no centro. Inauguración: 7 de outubro de 2025. Clausura: 2 de xuño de 2026.
Horario para a coordinación de biblioteca.	Horario da coordinadora: Luns: de 11 a 11:45h Martes: de 10 a 11h e de 13 a 14h Mércores: de 13 a 14h Venres: de 9 a 10h.

Data incorporación ao PLAMBE	Curso 2023-2024.
Orzamento asignado á biblioteca.	(pendente de publicar a asignación concedida polo PLAMBE)

- Concreción anual dos obxectivos marcados no Plan de Biblioteca.

Obxectivo 1: Seleccionar, catalogar e organizar os recursos da biblioteca empregando o programa KOHA e etiquetar en base á CDU ilustrada.											
Acción 1	<i>Continuar seleccionando, catalogando e organizando os recursos empregando o programa KOHA e etiquetar en base á CDU ilustrada facilitando a comprensión dos usuarios e a utilización autónoma do servizo.</i>										
Indicador/es	Consecución dunha catalogación e etiquetaxe completa dos fondos e recursos.										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca.										
Recursos/materiais	Fondos bibliográficos, xogos, material maker, etiquetas, impresora, equipo informático e programa KOHA.										
Acción 2	<i>Organizar por seccións e manter a orde da BiblioteCRA en base á etiquetaxe e á funcionalidade para facilitar o uso autónomo dos usuarios.</i>										
Indicador/es	Organización da biblioteca en sección de uso (bibliografía, espazo maker, Radio Pepa, zona do proxecto, novidades...).										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca e profesorado do centro.										
Recursos/materiais	Mobiliario da biblioteca e fondos e recursos que a compoñen.										

Obxectivo 2: Diversificar e ampliar as actividades da biblioteca, aprofundando na dinamización da mesma.

Acción 1	<i>Abrir e diversificar o abano de propostas nos Martes de conto (apertura da biblioteca aos usuarios), favorecendo iniciativas que impliquen a participación directa das familias.</i>										
Indicador/es	Participación activa das familias como usuarias e condutoras dos <i>Martes de conto</i> .										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca, titoras e comunidade educativa.										
Recursos/materiais	Espazos do centro, recursos da biblioteca e recursos humanos que compoñen a comunidade educativa ao completo. Solicitud de participación do programa Lectura e Familias (PLAMBE).										
Acción 2	<i>Implicar a outros axentes educativos e culturais da contorna fomentando a súa participación nas actividades da biblioteca.</i>										
Indicador/es	Participación activa dos axentes culturais da contorna nos <i>Martes de conto</i> (escola de música de Valga, biblioteca municipal, contacontos...).										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca, Equipo Directivo e axentes educativos e culturais da contorna.										
Recursos/materiais	Espazos e recursos da biblioteca escolar e recursos humanos implicados nestas actividades conxuntas.										

Obxectivo 3: Difundir as actividades da biblioteca.

Acción 1	<i>Publicar as actividades levadas a cabo na BiblioteCRA a través das redes sociais (sobre todo instagram) e os sistemas de comunicación oficiais do centro escolar (web e blog do centro).</i>										
Indicador/es	Información á comunidade educativa das actividades e dinámicas levadas a cabo dende a BiblioteCRA así como as formas de participación na mesma.										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca e titoras.										
Recursos/materiais	Equipos informáticos e recursos da biblioteca.										

Obxectivo 4: Alfabetizar aos usuarios/as (profesorado, alumnado e familias).

Acción 1	<i>Alfabetizar á totalidade do profesorado do centro no uso, tratamento e xestión da biblioteca escolar poñendo á súa disposición manuais de elaboración propia sobre catalogación, etiquetaxe e préstamo/devolución na app KOHA.</i>										
Indicador/es	Participación activa do profesorado do centro no uso, tratamento e xestión dos fondos e recursos da biblioteca escolar.										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Coordinación do equipo de biblioteca e profesorado do centro.										
Recursos/materiais	Equipos informáticos e recursos da biblioteca.										
Acción 2	<i>Alfabetizar ás familias no uso e participación da biblioteca escolar, poñendo á súa disposición tanto o catálogo de recursos da BiblioteCRA como manuais de elaboración propia sobre uso da app KOHA.</i>										

Indicador/es	Uso cotiá das familias da app KOHA, coñecemento da CDU utilizada na BiblioteCRA e participación no desenvolvemento dos <i>Martes de conto</i> (e do programa Lectura e familias no caso de ser seleccionadas).											
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo	
	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de dinamización da biblioteca, profesorado do centro e familias.											
Recursos/materiais	Espazos e recursos da biblioteca escolar, app KOHA e recursos humanos utilizados nestas actividades conxuntas.											
Acción 3	<i>Alfabetizar ao alumnado a través de actividades de formación de usuarios de biblioteca, así como nos préstamos semanais das bibliotecas de aula (sistema de rexistro común por parte da biblioteca escolar).</i>											
Indicador/es	Coñecemento da CDU e da organización das sección da BiblioteCRA por parte do alumnado, así como uso básico no sistema de empréstitos na app KOHA.											
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo	
	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca e titoras.											
Recursos/materiais	Espazos e recursos da biblioteca escolar.											

Obxectivo 5: Seleccionar, adquirir e catalogar fondos e recursos que nutran o PDI "De feira en feira" común a tódalas escolas, garantindo un espazo propio na BiblioteCRA que facilite o tránsito informativo.

Acción 1	<i>Seleccionar, adquirir, catalogar e organizar os recursos empregando o programa KOHA e etiquetar en base á CDU ilustrada.</i>
----------	---

Indicador/es	Adquisición dunha catalogación e etiquetaxe completa dos fondos e recursos variados axeitados ás necesidades do PDI (bibliografía, xogos, apps informáticas...).											
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo	
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Responsable	Equipo de biblioteca.											
Recursos/materiais	Fondos bibliográficos, etiquetas, impresora, equipo informático e programa KOHA.											
Acción 2	<i>Determinar un espazo dentro da BiblioteCRA dedicado aos fondos e material relacionados co PDI "De feira en feira", onde o alumando poida expoñer as súas creacións.</i>											
Indicador/es	Determinación do "espazo do proxecto" e correcta etiquetaxe dos fondos adquiridos para o mesmo.											
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo	
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Responsable	Equipo de biblioteca e profesorado do centro.											
Recursos/materiais	Mobiliario de biblioteca e fondos e recursos dos que dispón, así como todo aquel material de nova creación que sexa obxecto de exposición ou mostra na mesma.											

Obxectivo 7: Adecuar a biblioteca escolar para lograr un espazo máis accesible e inclusivo.	
Acción 1	<i>Organizar o espazo da biblioteca escolar en seccións ben diferenciadas polas actividades e recursos que se atopan nas mesmas para favorecer a utilización autónoma por parte dos usuarios.</i>
Indicador/es	Organízase a BiblioteCRA en seccións ben diferenciadas (contos, libros de consulta, sección para as familias, novidades, espazo maker, xogos de mesa, radio na biblio).

Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca.										
Recursos/materiais	Espazos e recursos da biblioteca escolar, etiquetas, impresora, equipos informáticos.										
Acción 2	<i>Sinalización inclusiva dos espazos da biblioteca escolar.</i>										
Indicador/es	Utilización de pictogramas e imaxes sinxelos para identificar claramente as seccións nas que se divide o espazo da biblioteca escolar.										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Equipo de biblioteca.										
Recursos/materiais	Etiquetas, impresora, equipos informáticos.										

19. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL.

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Sara Costa Mosquera	1	Educación Infantil
Nome equipo apoio/dinamización	Nivel/Especialidade	
María Consuelo Iglesias Fernández	Educación Musical	

- Uso aula virtual Moodle.

Empregarase a Aula Virtual do CRA de Valga como repositorio de recursos do profesorado e cada escola contará cun curso aberto para difundir materiais, experiencias e fotografías coas familias.

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

A concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso recóllense na concreción do Plan Dixital elaborada mediante a aplicación EduCalidade para o presente curso. Unha vez aprobada, será difundida á Comunidade Educativa mediante a páxina web do CRA de Valga.

20. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA

SAUDABLE

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Daniel Cabanas Chedas		EF
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Todo o profesorado do centro		Todos

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo 1: Merendas Saudables												
Acción 1	As escolas recomentan merendas saudables ás familias (froita, lácteos, evitar ultraprocesados, etc).											
Indicador/es	O 100% do alumnado acode á escola con merendas saudables.											
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo	
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	
Responsable	Todo o profesorado.											
Recursos/materiais	Recomendación de merendas, reunión inicial coas familias...											
Acción 2	As escolas proveen merendas saudables nas xornadas de convivencia											

	entre escolas e festivais do CRA.											
Indicador/es	No 100% das actividades se presentan merendas saudables.											
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>	
Responsable	Todo o profesorado.											
Recursos/materiais	Merendas saudables (froita) aportada polo CRA.											

Obxectivo 2: Reducir plásticos nas merendas

Acción 1	Recomendar, con carácter de norma, evitar plásticos innecesarios nas merendas que se traian ás escolas. Substituír polo emprego de recipientes reutilizables.											
Indicador/es	As merendas que veñen ás escolas non empregan plásticos innecesarios.											
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>	
Responsable	Todo o profesorado.											
Recursos/materiais	Recomendacións para a redución de plásticos. Reunión inicial coas familias.											

Obxectivo 3: Aproveitar os residuos orgánicos das merendas a través da compostaxe.

Acción 1	Aproveitamento dos residuos orgánicos das escolas para crear compost.											
Indicador/es	A maioría dos residuos orgánicos recóllense e introdúcense no caixón composteiro a diario.											
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>	
Responsable	Todo o profesorado.											
Recursos/materiais	Caixón composteiro											
Acción 2	Emprego do compost xerado nos hortos e xardíns das escolas.											
Indicador/es	Todo o compost emprégase para abonar os hortos e xardíns das escolas.											

Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Todo o profesorado.										
Recursos/materiais	Caixón composteiro, ferramentas de xardinería e labranza.										

Obxectivo 4: Desenvolver o Proxecto de Vida Activa e Deportiva (Plan Proxecta +)

Acción 1	Actividades que fomentan a vida activa e deportiva ao longo das mañás nas escolas.										
Indicador/es	Todas as escolas terán como mínimo unha hora diaria de AF de carácter lúdico.										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Todo o profesorado.										
Recursos/materiais	Todos os recursos lúdicos e os orientados á psicomotricidade das escolas.										
Acción 2	Actividades complementarias que fomentan a vida activa e deportiva										
Indicador/es	As escolas farán, como mínimo, unha vez ó mes actividades relacionadas coa vida activa tales como: momentos extras de xogos en exterior, camiñatas, actividades lúdicas en parque exterior, etc										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Daniel Cabanas Chedas, colabora todo o profesorado.										
Recursos/materiais	Espazos amplos que posibilitan o movemento en todas as escolas.										

Obxectivo 5: Programa Voz Natura

Acción 1	Plantar un horto en cada escola e relacionar produción coa alimentación saudable.										
Indicador/es	As escolas fan un horto e cultivan vexetais e froitos para alimentación saudable.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Coordinadora de Voz Natura.										

Recursos/materiais	Horto, plantas, sementes e apeiros de labranza.
--------------------	---

Obxectivo 6: PDI de centro "De Feira en Feira": viaxes, culturas, monumentos, idiomas, gastronomía...											
Acción 1	Desenvolver en todas as escolas o PDI no CRA: "De Feira en Feira"										
Indicador/es	As escolas desenvolven o PDI adxuntando viaxes, camiñatas, xogos populares de diferentes países, etc										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Coordinadora de ciclo, colabora todo o profesorado.										
Recursos/materiais	Os que se vaian elaborando segundo as necesidades de cada actividade.										

Obxectivo 7: Participar no programa solidario "Unoentrecienmil"											
Acción 1	Organizar un evento deportivo solidario no cal o alumnado das escolas realice unha pequena carreira.										
Indicador/es	Realízase unha carreira co alumnado do centro.										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Todo o profesorado.										
Recursos/materiais	Dorsais e autorizacións, xestionado pola organización "Unoentrecienmil".										

21.ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

a. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
PAULA RODRÍGUEZ NOYA	1	LE: Inglés
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade

DANIEL CABANAS CHEDAS	EF
-----------------------	----

b. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESARROLLAR A LO LARGO DEL CURSO PARA EL FOMENTO E DINAMIZACIÓN DE LA LENGUA GALLEGA

Objetivo 1: Fomentar o uso do galego como lingua vehicular para toda a comunidade educativa.			
Acción 1	Participar no PDI que se vai a levar a cabo este curso no centro, denominado "De feira en feira".		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Proporcionar materiais, contos, vídeos e audios ao profesorado cos que enriquecer os recursos cos que xa contan, para fomentar unha visión positiva da nosa lingua e cultura.		
Responsables	EDLG en coordinación co resto de equipos de coordinación do centro, así como coas titoras, familias, institucións e organismos.		
Recursos e materiais	Subvención que anualmente concede a Consellería dirixida ao fomento do uso do galego, material impreso do centro, institucións, organismos públicos ou privados e asociacións, recursos humanos da comunidade educativa e materiais ao alcance do profesorado.		
Acción 2	Deseñar actividades que se van a levar a cabo nas diferentes conmemoracións e celebracións como Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, saídas, xornadas de convivencia, festa de fin de curso, ..., fomentando o uso do galego.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Elaboración, recompilación e adquisición de material didáctico en lingua galega que lle garanta ao alumnado competencia lingüística en galego.		
Responsables	EDLG en coordinación co Equipo de Biblioteca e coa colaboración de todo o profesorado.		

Recursos e materiais	Tódolos recursos de dinamización da lingua galega cos que conta o centro e elaboración de material empregando sempre o galego como lingua vehicular.
-----------------------------	--

Obxectivo 2: Contribuír ao enriquecemento do coñecemento do noso alumnado en relación co propio de Galicia, facendo especial énfase en personaxes ilustres, escritoras e escritores, festas tradicionais, costumes, tradicións populares, música e baile tradicional.

Acción 1	Participar activamente nas diferentes actividades propostas polo equipo de dinamización da biblioteca contribuindo á difusión da lingua, literatura e historia galegas e colaborar na creación e difusión de materiais de animación á lectura en diferentes soportes.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Fomento e coñecemento da cultura e tradición galegas por parte do alumnado.		
Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	Tódolos recursos de dinamización da lingua galega dos que dispoñemos no centro e creación de distinto material empregando sempre como lingua vehicular o galego.		
Acción 2	Fomentar o uso das TICs en galego, promovendo o emprego de software, materiais multimedia e/ou do encerado dixital en galego.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Fomento do uso da lingua galega na utilización das TICs en toda a comunidade educativa propoñendo actividades de busca de información.		
Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	Recursos dixitais como ordenadores, tabletas electrónicas, PDI, diferentes páxinas web...		

Obxectivo 3: Fomentar o uso do galego como lingua vehicular para toda a comunidade educativa.

Acción 1	Elaborar materiais escritos en colaboración co Equipo de Biblioteca no que se recomenden libros e contos para o alumnado e para adultos en lingua galega.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Adquisición de material en galego (libros de consulta, libros de lectura, contos, material multimedia e software), coa finalidade de ampliar os fondos da biblioteca do centro base e das bibliotecas de aula de cada unha das escolas.		
Responsables	EDLG, Equipo Directivo e colaboración de todo o profesorado.		
Recursos e materiais	Tódolos materiais de dinamización dos que dispoñemos no centro e elaboración de outros empregando sempre o galego como lingua vehicular.		
Acción 2	Expoñer xogos de mesa, xogos no patio, etc, para enriquecer as diferentes posibilidades do alumnado á hora de xogar en lingua galega.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Exposición de material para a animación á lectura relacionado cos centros de interese que se estean a traballar nas aulas. Os libros estarán expostos durante varias semanas para que o alumnado os vexa, os manipule e os leve para ler.		
Responsables	EDLG, Equipo Directivo e colaboración de todo o profesorado.		
Recursos e materiais	Todos os dispoñibles no centro e aqueles que se creen empregando sempre o galego como lingua vehicular.		

Obxectivo 4: Proporcionar á comunidade educativa información sobre a normativa vixente no tocante ao uso da lingua galega.

Acción 1	Promover diferentes actividades que contribúan a unha valoración positiva da lingua galega.		
	Temporalización		

	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación do profesorado.		
Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	Tódolos recursos de dinamización da lingua galega cos que contamos no centro e creación de distinto material empregando sempre como lingua vehicular o galego.		
Acción 2	Velar polo cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación do profesorado.		
Responsables	EDLG		
Recursos e materiais	Lexislación vixente.		

22. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

a. CONSTITUCIÓN DO DO

Nome Xefe/a	
PABLO ALVAR LÓPEZ	
Nome membros	Nivel/Especialidade
CRISTINA BARROS MARTÍNEZ(COORDINADORA CICLO EI)	Titara EI
NOEMÍ VENTUREIRA CARRASCOSA	AL
SARA COSTA MOSQUERA	DIRECTORA

b. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

CURSO/ESCOLA	MED. ORDINARIAS	MED. EXTRAORDINARIAS
CAMPAÑA	✓ Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula	✓ Apoio por parte do profesorado especialista en AL

	<p>ás características do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno. ✓ Desdoblamento de grupos. ✓ Apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria 	
FORNO	As mesmas en todas as escolas.	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Apoio por parte do profesorado especialista en AL.
FERREIRÓS	As mesmas en todas as escolas.	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Apoio por parte do profesorado especialista en AL. ✓ Recurso profesional PAC
VILARELLO	As mesmas en todas as escolas.	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Apoio por parte do profesorado especialista en AL. ✓ Recurso profesional PAC
CHENLO	As mesmas en todas as escolas.	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Apoio por parte do profesorado especialista en AL. ✓ Recurso profesional PAC
XANZA	As mesmas en todas as escolas.	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Apoio por parte do profesorado especialista en AL.

		✓ Recurso profesional PAC
--	--	------------------------------

c. CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Obxectivo 1	Coñecer as características dos/as alumnos/as a nivel persoal,familiar, ambiental e escolar
Acción 1	Realización da entrevista inicial coas familias na que se incluírán datos familiares de interese, problemática do neno/ a... que pasará a formar parte da exploración psicopedagóxica.
Acción 2	Reunión, nos primeiros quince días de setembro coas familias dos novos alumnos para intercambiar información sobre: normas organizativas do centro, horarios, calendario escolar proposto pola Consellería, presentación do profesorado especialista, atención á diversidade, atención ás familias, normas da aula, horario de entrada e saída (puntualidade), orientacións para as familias...
Acción 3	Promover a relación entre a familias e o centro, intercambiando a información relevantes para o proceso de aprendizaxe, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación temperá dos/ as seus fillos/ as, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores e de todo aquilo relacionado co proceso de ensinanza – aprendizaxe.
Indicador/es	Potenciar a relación familia-escola, optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe.
Temporalización	Setembro e ao longo de todo o curso.
Responsables	Mestras Titoras / Dirección / Xefe do DO
Recursos/Materiais	Cuestionario entrevista inicial / Recomendacións profesorado reunión inicial/ folletos informativos / materias do DO

Obxectivo 2	Desenvolver accións que favorecer a adaptación e integración no grupo dos novos alumnos/as, tanto dos que comezan a escolarización coma dos que se incorporan doutros centros.
Acción 1	Desenvolvemento do Plan de Acollida para o alumnado de nova incorporación e para o alumnado que inicia a súa escolaridade.
Indicador/es	Adaptación/ non adaptación do novo alumnado no centro a nivel emocional nun período aceptable de tempo.
Temporalización	Setembro e durante todo o curso.
Responsables	Mestras/mestres e DO.
Recursos/Materiais	Plan De Acollida

Obxectivo 3	Establecer unha liña de comunicación – información permanente do grupo de alumnos/ as e o equipo docente.
Acción 1	Participación nas reunións dos diferentes equipos.
Indicador/es	Número de reunións e asistencia dos participantes.
Temporalización	Ao longo de todo o curso.
Responsables	Coordinadoras e coordinadores e membros dos equipos
Recursos/Materiais	Actas de reunións.

Obxectivo 4	Promover a relación entre a familias e o centro, intercambiando a información relevante para o proceso de aprendizaxe, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación temperá dos/ as seus fillos/ as, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores e de todo aquilo relacionado co proceso de ensinanza – aprendizaxe.
--------------------	--

Acción 1	Asesoramento ás familias, de forma periódica, sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe e sempre que o demanden
Indicador/es	Feedback das familias e do profesorado
Temporalización	Ao longo de todo o curso
Responsables	Xefe do DO / Titoras
Recursos/Materiais	Artigos, libros, material de elaboración propia.

Obxectivo 5	Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.
Acción 1	Traballar todos aqueles aspectos relacionados co respecto e a tolerancia ante as diferenzas.
Acción 2	Participación en diferentes programas onde se traballa o desenvolvemento emocional, social e persoal do noso alumnado.
Indicador/es	Actitudes do alumnado ante diferentes temas e evolución desas actitudes cando non sexan axeitadas.
Temporalización	Ao longo de todo o curso
Responsables	Titoras / DO / coa implicación da comunidade educativa.
Recursos/Materiais	Libros, actividades externas ao centro como contacontos, formacións, curtametraxes,...

d. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN DO DO

Todo o curso:

- > Coordinación coas mestras titoras.
- > Coordinación cos servizos externos ao centro.

- > Adquisición de material e equipamento específico para o DO.
- > Elaboración de materiais personalizados de reforzo para traballar as dificultades de aprendizaxe.
- > Elaboración das actas das reunións do D.O.
- > Uso dos diferentes protocolos publicados pola Consellería de Educación en temas de MAD.
- > Entrevistas co alumnado e familias.
- > Fomentar a colaboración das familias co profesorado-titor e o DO e implicalas nas actividades de apoio e orientación dos seus fillos/as
- > Demanda da intervención do EOE nos casos que se estime necesario, atendendo ás solicitudes do profesorado, do alumnado e das familias.
- > Reunións do DO.
- > Asesoramento a comunidade educativa e a acción tutorial.

CALENDARIO	ACTUACIONES
SETEMBRO-OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Constitución do Departamento • Elaboración do Plan Anual de Actividades do Departamento • Elaboración da planificación orientadora e tutorial • Proposta de organización dos apoios de AL • Envío das bolsas NEAE • Organización e posta en funcionamento do arquivo de orientación • Acción tutorial: Falar sobre temas educativos de interese. • Intercambiar opinións e datos. • Información complementaria do alumnado (titoras curso anterior) • Facilitar datos novos ao rexistro do/a alumno/a • Detección e estudo de casos de escolares con trastornos educativos. • Reunión orientador-profesorado para coordinar tarefas

<p>NOVEMBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación de probas psicopedagógicas aos alumnos/as detectados con dificultade de aprendizaxe • Cubrir o DrdAdi • Desenvolvemento do plan de acción titorial • Revisión de plans: RE, materias pendentes, alumnado repetidor, ACS... • Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións de coordinación • Organización dos expedientes do alumnado con NEAE e revisión do material do DO
<p>DECEMBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación e corrección de instrumentos psicopedagógicos para o alumnado con dificultades • 1ª Xunta de avaliación (Recoller datos importantes) • Seguimento do plan de acción titorial
<p>XANEIRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación e corrección de probas psicopedagógicas ao alumnado detectado con dificultade de aprendizaxe • Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha • Asesoramento do plan de acción titorial. • Asesoramento no seguimento do PE • Revisión de horarios de AL, se é preciso
<p>FEBREIRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación de probas psicopedagógicas aos alumnos/as detectados con dificultade de aprendizaxe. • Análise dos resultados • Asesoramento do plan de acción titorial • Visita e información aos pais/nais do alumnado de nova matrícula ao centro
<p>MARZO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diagnóstico e estudo de casos • Apoio ás entrevistas persoais co alumnado e pais/nais • Revisión programas de recuperación e horarios das aulas de PT e AL • 2ª Xunta de Avaliación (Recollida de información de interese)

ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> • Exploración e tratamento de casos • Revisión das actuacións, postas en marcha e propostas de novas segundo os resultados da avaliación. • Aplicación de probas psicopedagóxicas aos alumno/as detectados con dificultade de aprendizaxe • Valoración da solicitude de posibles flexibilizacións no período de escolarización do alumnado na etapa de EI • Asesoramento do PE do centro
MAIO	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación de probas psicopedagóxicas aos alumno/as detectados con dificultade de aprendizaxe • Asesoramento do plan de acción titorial • Solicitude Continuidade PAC • Asesoramento no proceso de avaliación
XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> • 3ª Xunta de Avaliación (Final). Aportacións de conclusións e recomendacións • Informar dos resultados académicos ás familias (casos do alumnado con dificultades) • Elaboración e presentación da memoria de actividades do departamento e definir as liñas xerais do proxecto para o seguinte curso, para a memoria anual do Centro • Cubrir o DRDorienta

23. PLAN DE APOIO (AL)

a. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO

Os centros educativos deben adaptar a súa resposta educativa á diversidade do alumnado. A atención á diversidade defínese no **Decreto 229/2011** como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Na atención á diversidade débese ter especialmente en conta ao alumnado con

necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), que conforme á **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011**, é aquel que require, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Polo tanto, a resposta educativa á diversidade debe adaptarse ás características e necesidades concretas de cada alumno contribuindo ao seu máximo desenvolvemento persoal e social, e preparándoo para convivir e participar de maneira autónoma e libre nunha sociedade democrática.

O presente plan de apoio réxese pola lexislación vixente e contextualízase no CRA de Valga, o Colexio Rural Agrupado (CRA) do Concello de Valga. Este é un centro educativo público formado por 6 aulas repartidas en distintas aldeas do concello (Campaña, Chenlo, Ferreirós, Forno, Vilarello e Xanza) nas que se imparte o 2º ciclo da Educación Infantil (de 3 a 6 anos). A sede atópase en Campaña, onde está o despacho de Dirección, a Biblioteca central, a sala de mestras e o Departamento de Orientación. O horario do centro é de 8:45 a 14:15 horas.

Os sinais de identidade do centro son:

- **Novas metodoloxías** (innovación educativa e TIC, metodoloxías vivas e activas en aulas mixtas, alumnado como protagonista da aprendizaxe).
- **Aprendizaxe baseada en Proxectos.**
- **Atención á diversidade de todo o alumnado.**
- **Ensinanza individualizada**, personalizada e atención das necesidades.
- **Apertura á contorna e implicación e participación das familias.**

- **Participación en diferentes Programas e Proxectos** (Plans Proxecta, Contratos-Programa, Voz Natura, Plan Revitaliza,...).
- **Implicación do profesorado e Plurininfantil** (con mestra especialista de inglés e auxiliar de conversa nativo).
- **Espazos privilexiados, vivos, activos e inclusivos.**

Como mestre especialista en audición e linguaxe presto atención docente directa nas 6 escolas que forman parte do CRA de Valga en horario de 09:00 a 14:00.

b. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES

O **Decreto 229/2011** indica que a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa procedente constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade. Do mesmo xeito, describe a importancia da avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, en xeral, e na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

Tras a correspondente avaliación inicial e con toda a información pertinente obtida a través da observación, das producións do alumnado, dos informes, das comunicacións co profesorado e a familia, e de ser o caso con servizos externos ao centro educativo, identificaranse as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e fundamentaranse as correspondentes propostas e decisións educativas.

Previo á avaliación inicial, e mediante os datos aportados polos informes do curso anterior, coa información aportada polas familias e polo profesorado, dos programas de intervención e informes finais de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, e da observación directa na aula ordinaria, identifícanse as seguintes necesidades

educativas que deben ser atendidas polo profesorado especialista en audición e linguaxe:

c. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

A nosa labor consiste en mellorar e potenciar os aspectos comprensivo e expresivo da comunicación e da linguaxe do alumnado, proporcionando as situacións e elementos que lles permitan progresar dun xeito normalizado, sendo a aula un lugar idóneo para crear ambientes de intervención. Por isto traballaremos coa fin de mellorar e potenciar as interaccións do alumnado, de forma que sexan cada vez máis frecuentes, ricas e variadas. De maneira máis específica buscaremos:

- Estimular o desenvolvemento da linguaxe na poboación normalizada, *cooperando cos titores no desenvolvemento da área de linguaxe.*
- Previr posibles alteracións lingüísticas nos alumnos, *a tendendo a poboación con factores de risco existente no centro.*
- Estimular o desenvolvemento lingüístico do alumnado con atraso no desenvolvemento, *determinando o nivel de desenvolvemento e establecendo un plan de intervención a partir dese nivel, levándoo a cabo e avaliándoo.*
- Modificar ou cambiar condutas lingüísticas alteradas, *detectando as alteracións lingüísticas existentes no centro, especificando e definindo as que necesitan intervención, establecendo o programa de intervención e levándoo a cabo, avaliándoo durante e ao final do mesmo e favorecer as capacidades cognitivas básicas (atención, razoamento, memoria e percepción).*
- Favorecer a autoestima do alumnado así como as relacións interpersoais e facilitar a integración dentro do grupo.

- Promover a coordinación de tódolos membros do Departamento de Orientación.
- Asesorar as familias dando pautas de actuación sobre as necesidades que requiren os seus fillos/as para mellorar no proceso de ensino/aprendizaxe.

Os **obxectivos específicos** deste plan de apoio veñen recollidos nos programas de intervención do alumnado ao que presto atención docente directa como mestre especialista en audición e linguaxe.

d. CONTIDOS

Os contidos a traballar cos alumnos, que estarán recollidos no seu programa de intervención individual, estarán dentro dos seguintes ámbitos:

BASES ANATÓMICAS E FUNCIONAIS

RESPIRACIÓN E SOPRO

- Facilitar o control da respiración
- Inhibir patróns anormais de respiración
- Mellorar a inspiración / expiración nasal e bucal
- Facilitar a postura dos labios no sopro
- Potenciar a intensidade do sopro
- Fortalecer os músculos respiratorios.
- Mellorar a capacidade pulmonar

PRAXIAS BUCOFACIAIS

- Mellorar o control dos movementos linguais, labiais e mandibulares
- Desenvolver a conciencia da posición dos órganos articulatorios.

- Potenciar a mobilidade dos labios.
- Visualizar a posición da boca e da lingua durante a produción de sons no espello.

VOZ

- Acadar unha mellor entoación
- Mellorar a emisión bucal
- Relaxar e flexibilizar as cordas vocais.

CONTROL DO BABEO

- Facilitar o control do babeo

ÁMBITO FONÉTICO-FONOLÓXICO

- Favorecer a articulación das vogais e consoantes.
- Fomentar a capacidade de diferenciar sons semellantes
- Facilitar a produción de sons de forma fluída e natural, sen bloqueos ou pausas innecesarias.
- Aprender e reproducir secuencias de sons dentro de palabras ou frases, especialmente se hai dificultades na estrutura silábica.
- Ensinar a pronunciar correctamente palabras longas e complexas, tendo en conta a estrutura silábica.

ÁMBITO LÉXICO-SEMÁNTICO

- Aumentar o volume do vocabulario básico expresivo/compreensivo.
- Traballar diferentes campos semánticos.
- Mellorar as relacións entre as distintas entradas léxicas: asociacións.
- Ampliar o vocabulario receptivo e expresivo.

- Mellorar a precisión na selección de palabras.
- Desenvolver a comprensión de palabras polisémicas.
- Facilitar a comprensión de relacións semánticas: sinónimos, antónimos...
- Deducir o significado de palabras descoñecidas a partir do contexto no que se atopan.
- Proporcionar definicións claras e precisas de palabras

ÁMBITO MORFO-SINTÁCTICO

ESTRUCTURA da FRASE:

- Un elemento
- Dous elementos
- Tres elementos:
 - N-V-N (nome-verbo-nome), comezando con verbos sinxelos (comer, beber, pintar, cortar...) y apoiando o verbo cun xesto para favorecer a súa emisión.

ELEMENTOS DA FRASE:

- Determinantes: "un", "una", "el", "la".
- Preposicións: "a", "de", "en", "con"
- As frases serán enunciadas usando a 1º, 3º e 2º persoa
- Uso das marcas de xénero/número

ÁMBITO PRAGMÁTICO

FUNCÍONS DA LINGUAXE:

- a. Saúdos e Despedidas
- b. Petición de Desexos e Necesidades Básicas
- c. Requirimentos de acción
- d. Reclamar a atención
- e. Expresión de emoción, pracer e rexeite
- f. Contestar a preguntas pechadas e abertas sinxelas

A CONVERSA:

- a. Uso de "conversas" moi sinxelas onde se respecten os roles de "emisor" e "receptor".
- b. Manter a mirada
- c. Uso de tunos

INTENCIÓN COMUNICATIVA:

- a. Identificar e interpretar as intencións comunicativas dos demais:
- b. Desenvolver a capacidade para recoñecer os diferentes propósitos da comunicación, como informar, persuadir, preguntar ou expresar emocións.

COMUNICACIÓN NON VERBAL:

Mellorar a comprensión e uso da comunicación non verbal:

Aprender a recoñecer e utilizar sinais non verbais, como xestos, expresións faciais e linguaxe corporal para reforzar a comunicación verbal.

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS SOCIAIS:

Desenvolver habilidades de resolución de problemas en interaccións sociais.

Aprender a identificar e resolver conflitos ou malentendidos en interaccións sociais.

Adaptación a Diferentes Contextos:

Aprender a adaptar o estilo comunicativo a diferentes contextos sociais.

Desenvolver a capacidade para comunicarse de forma adecuada en diferentes situacións, como en casa, na escola, coas amizades, etc.

EMPATÍA:

Desenvolver a empatía e a comprensión das emocións dos demais:

Aprender a recoñecer e responder ás emocións dos demais de maneira empática e solidaria.

COMPRESIÓN ORAL

- Mellorar a comprensión de ordes sinxelas
- Potenciar a comprensión oral de expresións e imaxes

RELAXACIÓN

- Favorecer a relaxación global
- Favorecer a relaxación segmentaria dos músculos da noca, pescozo e cara

OUTROS

Calquer outro contido que poida favorecer o desenvolvemento da comunicación e da linguaxe.

e. COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como establece o **Decreto 150/2022**, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, se recollen as competencias clave adaptadas ao contexto escolar. As devanditas competencias son as seguintes: CCL-Competencia en comunicación lingüística; CP-Competencia plurilingüe; STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería; CD-Competencia dixital; CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender; CC-Competencia cidadá; CE-Competencia emprendedora e CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Como especialista en AL o traballo diario céntrase na **Competencia na Comunicación Lingüística**.

f. RECURSOS

As 6 escolas que forman parte do CRA de Valga contan con 1 mestra especialista en Audición e Linguaxe e un orientador compartido co CEP do concello, ademais dunha mestra titora por cada aula (6), 3 mestras de apoio, 1 especialistas en educación física, 1 especialista en educación musical, 1 mestra de Relixión Católica e dúas persoas coidadoras.

En canto aos recursos materiais, as escolas do CRA de Valga dispoñen de paneis dixitais interactivos con conexión a internet, aulas de gran tamaño e versátiles, patios ao aire libre con numerosos xogos infantís (randeiras, tobogáns, balancíns, zonas con area...) e numeroso material funxible e non funxible de Educación Infantil.

Ademais destes recursos nas sesións empregaremos:

- > Materiais elaborados adaptados ás necesidades específicas dos alumnos/as.

- > Materiais específicos para o traballo logopédico.
- > As propias aulas e espazos empregados.
- > Material didáctico e xogos variados.
- > Materiais relacionados coas novas tecnoloxías como MP3, PDI/tablet, ordenadores ou cámara de fotos, así coma programas informáticos e aplicacións específicas.

g. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Crear un clima favorable e motivador no que as nenas/os se sintan a gusto, seguros e aceptados coa súa linguaxe eliminando así bloqueos e inhibicións.

Fomentar o intercambio e a comunicación, xa que é a linguaxe desenvólvese a través da interacción verbal.

Potenciar a acción dos nenos/as sobre a realidade, para que a partir de estas accións constrúan a súa propia representación simbólica do mundo e a externalicen a través da linguaxe.

As actividades presentaranse a modo de xogo, revestidas dun carácter lúdico e sobre todo asociadas aos aspectos comprensivos e expresivos da linguaxe.

h. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización deste plan de actuación é dun curso académico, que en Educación Infantil, para o curso 2025/2026, abrangue dende o día 15 de setembro de 2025 ata o 19 de xuño de 2026. A súa implementación comezará unha vez rematado o período de adaptación

O tempo comprendido entre o remate das actividades lectivas ata o 30 de xuño de 2025 inclusive, adicarase a elaboración dos informes e da memoria final.

i. AVALIACIÓN

En cada programa de intervención se establecerán:

- Indicadores de avaliación.
- Seguimento: se analizará o traballo realizado polo AL, especificando propostas de mellora, quedando constancia nas distintas actas do departamento de orientación.
- Avaliación: ao final de curso realizarase unha avaliación final para determinar o grao de consecución dos obxectivos e orientar a intervención para o curso vindeiro.
- Elaboración dun Informe individual final de curso sobre as medidas de apoio educativo por cada profesor/a especialista en PT/AL (modelo do Anexo V da orde 8 setembro de 2021).

24. PLURILINGÜISMO

a. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
PAULA RODRÍGUEZ NOYA	1
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
DANIEL CABANAS CHEDAS	EF

b. CENTROS PLURILINGÜES

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Materias	Lingua estranxeira
Campaña	1	11	EF	Inglés
Chenlo	1	7	EF	Inglés
Ferreirós	1	15	EF	Inglés
Forno	1	14	EF	Inglés
Vilarello	1	14	EF	Inglés
Xanza	1	12	EF	Inglés

c. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
ANGELA MICAH Malferrari Obsina	10
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Non
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Non
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Sí
Outras tarefas (especificar):	Non

25. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a benestar e convivencia	Nivel/Especialidade
Noemi Ventureira Carrascosa	AL

Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
Mercedes Troáns Portas	Titora
Pablo Alvar López	Orientador

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo 1: Promover en todos os membros da comunidade educativa habilidades sociais de comunicación e de resolución de conflitos.			
Acción 1	Fomentar as relacións baseadas na colaboración, axuda e respecto.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Resolución pacífica e harmónica de conflitos.		
Responsables	Comunidade educativa		
Recursos e materiais	Recursos TICs do centro, titorías coas familias, adquisición de libros, formacións do PFPP ou de escola de familias, creación de zonas que inviten á calma dentro da aula.		
Acción 2	Propoñer cursos de formación, reunións coa comunidade educativa, escola de familias, charlas, orientadas á mellora da convivencia.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Adquisición de habilidades para a resolución pacífica de conflitos.		
Responsables	Equipo de Convivencia e profesorado do centro		
Recursos e materiais	Reunións entre o profesorado, profesionais do ámbito da convivencia.		

Obxectivo 2: Sensibilizar á comunidade educativa sobre o seu papel activo e implicación para fomentando valores de cultura de paz, respecto pola diversidade, fomento da igualdade entre homes e mulleres e prevención de calquera manifestación de violencia.	
Acción 1	Propiciar actividades que desenvolvan o traballo cooperativo e a educación inclusiva mediante propostas que melloren o respecto e a convivencia entre todos e todas.

	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
	Indicador	Promoción dun bo de clima de convivencia en toda a comunidade educativa.	
Responsables	Equipo de convivencia e profesorado do centro		
Recursos e materiais	Humanos: mestres/as.		
Acción 2	Fomentar o emprego dunha linguaxe inclusiva, non sexista e respectuosa.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Emprego dunha linguaxe inclusiva.		
Responsables	Comunidade educativa.		
Recursos e materiais	TICs, faladoiros nas aulas, contacontos biblioteca.		

Obxectivo 3: Desenvolver accións que faciliten a convivencia entre os membros da comunidade educativa e traballar aqueles aspectos favorecedores das relacións interpersoais.			
Acción 1	Desenvolver actividades comúns nas 6 escolas promovendo a participación de toda a comunidade educativa e de axentes externos, como o Concello ou asociacións da contorna.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Promoción de actividades de convivencia con toda a comunidade educativa.		
Responsables	Equipo de convivencia.		
Recursos e materiais	Humanos: mestres/as.		
Acción 2	Facilitar contextos que garantan a coeducación.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Valoración positiva da educación en igualdade e participación da coeducación libres de prexuízos.		

Responsables	Equipo docente
Recursos e materiais	Materiais de xogo simbólico, contos que fomenten o respecto e a valoración positiva.

Obxectivo 4: Facilitar e fomentar a participación, cooperación e a comunicación das familias no mantemento da convivencia do centro.

Acción 1	Elaboración de dípticos para as familias, escola de pais, información sobre o plan de convivencia do centro e consenso sobre as medidas a aplicar		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Colaboración e fomento da relación familia-centro.		
Responsables	Equipo docente		
Recursos e materiais	Humanos: mestres/as.		
Acción 2	Recoller información sobre a situación de cada alumno/a		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación das familias na vida do centro.		
Responsables	Equipo directivo e mestras titoras		
Recursos e materiais	Entrevistas iniciais, reunións iniciais e titorías, así como o contacto diario de todo o profesorado.		
Acción 3	informar sobre aspectos xerais do centro e da aula ás familias		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación das familias na vida do centro.		
Responsables	Equipo directivo e mestras titoras		
Recursos e materiais	Entrevistas iniciais, reunións iniciais e titorías, así como o contacto diario de todo o profesorado.		

Obxectivo 5: Fomentar a participación e integración do alumnado no centro e co seu grupo.

Acción 1	Favorecer a acollida do alumnado por parte do profesorado e do alumando entre si: xornadas de portas abertas, períodos de adaptación flexibles...		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Integración do alumando no grupo de referencia.		
Responsables	Equipo docente		
Recursos e materiais	Recursos/materiais Xogos cooperativos, acollidas nas aula ou grupos de traballo.		
Acción 2	Favorecer a cohesión do grupo e a integración de todos os seus membros.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Potenciación do traballo cooperativo		
Responsables	Equipo docente		
Recursos e materiais	Xogos cooperativos, instalacións e contos.		

26. PLAN DE IGUALDADE. CONCRECIÓN ANUAL

Obxectivo 1: Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa en materia de igualdade de xénero, coeducación e prevención da violencia de xénero.			
Acción 1	Formación para pais, nais e profesorado.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Transmisión de valores que favorezan a igualdade de xénero.		
Responsables	Equipo de Convivencia		
Recursos e materiais	Escola de nais e pais, formacións, seminarios.		
Acción 2	Sensibilizar ó alumnado.		
	Temporalización		

	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Promoción da igualdade de xénero.		
Responsables	Equipo de convivencia, Equipo docente		
Recursos e materiais	Contos, curtas, radio escolar, xogos, obradoiros...		

Obxectivo 2: Transmitir ferramentas básicas para rachar cos estereotipos e favorecer a igualdade de xénero.

Acción 1	Dinamizar e promover a sensibilización, implicación e compromiso de toda a comunidade educativa para acadar a igualdade.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Transmisión de valores que favorezan a igualdade de xénero.		
Responsables	Equipo de Convivencia		
Recursos e materiais	Escola de nais e pais, formacións, seminarios.		
Acción 2	Dinamizar accións no centro para favorecer a conciliación familiar e laboral como: horario de entrada flexible, horarios flexibles de titoría, ampliación do horario matinal.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Promoción da igualdade de xénero.		
Responsables	Equipo de convivencia.		
Recursos e materiais	Escola de nais e pais, formacións, seminarios.		

Obxectivo 3: Analizar os diferentes espazos e xogos para favorecer a igualdade de xénero e romper cos estereotipos.

Acción 1	Analizar o uso do espazo da aula e dos patios.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Emprego dos espazos de forma igualitaria.		
Responsables	Equipo de convivencia, equipo docente.		

Recursos e materiais	Observación directa dos espazos, análise, valoración.		
Acción 2	Deseñar espazos igualitarios e que favorezan a coeducación.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Disposición de espazos que inviten ó xogo mixto entre nenos e nenas.		
Responsables	Equipo de convivencia, equipo docente.		
Recursos e materiais	Contos, curtas, radio escolar, xogos, obradoiros...		

27. PLAN PROXECTA

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa.

Plan/Proxecto: Plan Proxecta+ PAISAXE E SOSTIBILIDADE			
Descrición do programa	Mediante a participación neste plan, "As paisaxes do CRA de Valga", traballaremos co alumnado do CRA o coñecemento das paisaxes que temos na nosa contorna, tomando conciencia da importancia de protexer, coidar e valorar as mesmas.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e comprender a paisaxe da contorna das escolas do CRA. • Estudar e analizar a paisaxe e os seus elementos. • Potenciar o traballo en equipo e a iniciativa persoal, coordinada co profesorado e integrando a participación da comunidade escolar e local no desenvolvemento do proxecto (familias, veciñanza, etc.). • Intervir no impacto medioambiental de xeito consciente e realizando coidado da contorna, limpeza, reutilización de materiais, reciclaxe, etc. • Valorar os elementos paisaxísticos da contorna das 6 escolas. • Empregar ferramentas gráficas que permitan representar o espazo: fotografía, mapas, cartografía, audiovisuais, debuxos... • Publicar e difundir as iniciativas. 		
Cursos implicados	Todas as aulas do CRA de Valga		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Implicación dos elementos participantes no proxecto e cambio na conduta dos nosos alumnos e alumnas.
Responsables	Mercedes Troáns Portas
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Saídas na contorna analizando os elementos paisaxísticos e patrimoniais: praias Fluviais, ríos, hórreos, lavadeiros, prazas, cruceiros, Camiño de Santiago, Rutas de sendeirismo, Ruta marítima Xacobeá, etc. • Organización de espazos do centro, sobre todo exteriores, creando contornas sostibles e renaturalización dos espazos: patios, aulas exteriores, accesos ás escolas... • Organización de saídas pola contorna colaborando coas familias para labores de mantemento e limpeza de distintas zonas. • Realización de xornadas/concursos de fotografía das diferentes paisaxes do noso concello. • Talleres de reciclaxe.

Plan Proxecta + (Proxectos de Vida Activa e Deportiva)	
Descrición do programa	<p>Con este programa pretendemos fomentar estilos de vida saudables en todo o noso alumnado dende idades temperás, con hábitos de actividade física e alimentación saudable. O obxecto deste proxecto é a continuación dun "Proxecto Deportivo de Centro" no CRA DE VALGA que constitúe este centro como "Promotor da Actividade Física e o Deporte". A súa finalidade será coordinar, dinamizar e organizar diferentes actividades relacionadas coa actividade física e o deporte que implicará a todos os axentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, persoal non docente do centro e contorna do centro educativo. Pretenderemos co proxecto ampliar o tempo de actividade física e deporte de toda a comunidade educativa para gozar do tempo de lecer dunha forma máis activa e saudable, así mesmo tamén se organizarán actividades relacionadas coa saúde e calidade de vida: hábitos saudables, alimentación, posturais, exercicio físico, etc.</p>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Dinamizar os tempos de recreo ofertando múltiples actividades activas relacionados co exercicio físico e os deportes.

	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinar o uso dos equipamentos deportivos en horario escolar e extraescolar (material e espazos). • Establecer relacións entre os diferentes axentes da comunidade educativa (alumnado, pais e nais, mestres/as e persoal de servizos do centro) en materia de actividade física e deporte. • Informar á comunidade educativa e fomentar hábitos de vida saudables e activos. • Fomentar a participación en actividades físico-recreativas no tempo de ocio ou non lectivo". • Dar a coñecer ao alumnado diferentes alternativas de exercizo físico e deporte susceptibles de ser practicadas no seu tempo de lecer. • Informar á comunidade educativa da oferta en materia de actividades deportivas e recreativas da contorna. 		
Cursos implicados	Todas as aulas do CRA de Valga (6 aulas mixtas de 3º, 4º e 5º de EI)		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Alto grao de implicación dos participantes no proxecto (80%).		
Responsables	Daniel Cabanas Chedas.		
Actividades	Actividades de lecer, recreos activos, actividades relacionadas coa saúde e calidade de vida: hábitos saudables, alimentación, posturais, exercicio físico, actividades no medio natural pola contorna, entre outras.		

Plan Proxecta + Proxecto TERRA	
Descrición do programa	Tendo en consideración as características das contornas escolares do centro, así como a existencia de amplos espazos abertos e naturais nos patios, propónse a súa transformación en ámbitos máis inclusivos, dinámicos e de carácter educativo. Preténdese así potenciar os valores propios de cada espazo, cunha atención especial ao proceso de renaturalización e posta en valor do entorno.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Construír e transformar patios dinámicos e zonas exteriores do centro coa fin de facelas máis habitables e aproveitables.

	<ul style="list-style-type: none"> • Dotar o entorno do centro dunha maior calidade de vida incluíndo espazos adaptados aos nosos criterios como espazos de relación da comunidade educativa. • Crear vínculos entre a comunidade educativa que permita unir pasado, presente e futuro, na conformación da identidade das escolas do CRA. Innovar mantendo as raíces. • Crear espazos que fomenten as interaccións entre iguais, coeducación e igualdade, e que fomenten a inclusión de todo o alumnado, en espazos naturais e ao aire libre. • Favorecer o benestar físico e emocional do alumnado mediante espazos que promovan o xogo libre, a creatividade e a convivencia en contacto coa natureza. • Potenciar a aprendizaxe experiencial a través do uso dos patios e espazos exteriores como extensión das aulas, converténdooos en escenarios educativos vivos. • Promover a sustentabilidade e o respecto polo medio ambiente, facendo dos patios lugares onde experimentar boas prácticas ecolóxicas (hortos escolares, reciclaxe, biodiversidade...). • Integrar elementos propios do patrimonio local como parte do proceso de transformación e aprendizaxe. 		
Cursos implicados	Todas as aulas do CRA de Valga (6 aulas mixtas de 3º, 4º e 5º de EI)		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Alto grao de implicación dos participantes no proxecto (80%).		
Responsables	María Consuelo Iglesias Fernández		
Actividades	<p>Crearemos e habilitaremos espazos exteriores nas seis escolas do CRA, co obxectivo de trasladar parte da actividade educativa ao aire libre e favorecer un contacto máis directo coa natureza. Estes espazos impulsarán a aprendizaxe experiencial, o benestar físico e emocional e a convivencia inclusiva. Para iso, desenvolveranse:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Hortos escolares e aulas exteriores como recursos pedagóxicos que fomenten a educación ambiental, a sustentabilidade e a aprendizaxe práctica. 		

	<ul style="list-style-type: none"> • Novas distribucións e organizacións dos patios, atendendo ás necesidades, intereses e idades do alumnado, creando zonas diferenciadas que dean resposta a distintos obxectivos: • Zona de movemento (parque de tobogán, columpios...), para o desenvolvemento motor e o gozo activo. • Zona de xogo simbólico (casiñas, areeiros...) que favoreza a creatividade, a socialización e a igualdade nas interaccións. • Horta escolar, como espazo de aprendizaxe experiencial, coidado do medio e recuperación de saberes rurais. • Zona de tranquilidade, destinada á lectura, á relaxación e ao benestar emocional. • Merendoiros ao aire libre, como lugares de encontro que reforcen a cohesión da comunidade educativa. <p>Creación de novos elementos de xogo exterior, utilizando materiais sostibles e adaptados, que potencien a inclusión de todo o alumnado.</p> <p>Mantemento colaborativo dos espazos, implicando Concello, familias e veciñanza, co fin de reforzar a identidade comunitaria, a corresponsabilidade e o vínculo entre pasado, presente e futuro das escolas do CRA.</p>
--	---

28. PROGRAMAS PARA O IMPULSO DE CENTROS REFERENTES.

Liña de actuación: INNOVALAB	
Descrición do programa	Os programas para o impulso de centros referentes, baseanse en que os centros desenvolven proxectos educativos e metodoloxías que os convertan en centros de referencia e exemplo de boas prácticas dentro dos contextos da innovación educativa e a inclusión. En concreto, o Innovalab busca mellorar os centros escolares mediante a implementación de proxectos de innovación educativa, enfocándose no noso caso na mellora da Competencia Matemática e no desenvolvemento sostible.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a competencia matemática do alumnado. - Contribuír á mellora dos espazos e materiais das escolas.

Cursos implicados	Todos os cursos de todas as escolas		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación activa do alumnado, das familias e do profesorado.		
Responsables	Profesorado.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de proxectos científicos na aula que impliquen levar a cabo o Método científico e a análise crítica de procesos. - Instalar unha estación meteorolóxica na escola para a medición do tempo. - Emprego das TIC para abordar contidos lóxico-matemáticos (robótica, paneis dixitais, cámaras fotográficas...) - Implementación de metodoloxías vivas e activas en todas as aulas do CRA para a mellora das competencias clave. - Emprego do traballo por proxectos e ambientes de aprendizaxe baseándose nas metodoloxías STEAM. - Realización de saídas didácticas na contorna natural, social e cultural como actividades complementarias ao desenvolvemento do PDI de centro. - Ensinanza personalizada e individualizada ademais de traballo cooperativo, propondo axudas e/ou retos ao alumnado de maneira que progresen na súa aprendizaxe, capacidades e competencias. - Posta en marcha dun horto escolar ecolóxico para o coñecemento de prantas e árbores da contorna. - Renaturalizar o patio con elementos naturais e en madeira, seguindo as ideas propostas polos patios vivos e activos. - Talleres musicais con material de refugallo nos que se vexa a utilidade de darlle unha segunda vida a diferentes materiais presentes no noso día a día. 		

Liña de actuación: PIE	
Descrición do programa	Os programas para o impulso de centros referentes, baseanse en que os centros desenvolven proxectos educativos e metodoloxías que os convertan en centros de referencia e exemplo de boas prácticas dentro dos contextos da innovación educativa e a inclusión. En concreto, o PIE,

	procura o desenvolvemento de proxectos educativos relacionados coa inclusión educativo e o fomento da igualdade.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Contribuír ao mellor funcionamento do centro, identificando de maneira sistemática as necesidades e as posibles melloras que permitan optimizar a organización e os procesos educativos. - Implementar proxectos de innovación e inclusión educativa que impulsen a mellora continua da calidade do ensino e favorezan unha resposta educativa adaptada á diversidade do alumnado. - Garantir a adquisición das competencias clave do alumnado mediante a aplicación de metodoloxías activas e innovadoras que fomenten a aprendizaxe significativa e o desenvolvemento integral. - Promover a inclusión e a equidade, consolidando o papel da escola como axente compensador das desigualdades sociais, culturais e económicas. - Fomentar aprendizaxes baseadas nos intereses e nas potencialidades do alumnado, potenciando o desenvolvemento do seu talento e a motivación cara á aprendizaxe. - Desenvolver as competencias emocionais no conxunto da Comunidade Educativa, a través da colaboración coa Escola de Nais e Pais e en estreita vinculación co Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) do centro. - Fomentar valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres, nenos e nenas, potenciando a coeducación como eixo transversal das actuacións educativas e da convivencia escolar. 		
Cursos implicados	Todos os cursos de todas as escolas		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación activa do alumnado, das familias e do profesorado.		
Responsables	Profesorado.		
Medidas e actuacións	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar as dificultades do alumnado e aplicar metodoloxías activas e participativas que contribúan a superalas, empregando os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) e partindo sempre do nivel evolutivo e do desenvolvemento individual de cada neno e nena. Para elo levaremos a cabo talleres educativos inclusivos e elaboraremos material inclusivo. 		

- Mellorar a adquisición das competencias clave do alumnado e implicar activamente ás familias no proceso educativo facendo uso da ENAPA e do desenvolvemento de talleres para a mellora da inclusión, tanto dentro como fóra do horario lectivo.
- Reforzarase o cumprimento do Protocolo de absentismo escolar, promovendo a corresponsabilidade das familias na educación dos seus fillos e fillas e difundirase o Proxecto Educativo e as Normas de Convivencia e Funcionamento, favorecendo a transparencia, o coñecemento e a implicación de toda a comunidade educativa nos principios que rexen o funcionamento do CRA, relizando carteis e dípticos informativos.
- Buscar a excelencia e o éxito escolar mediante accións e actividades motivadoras, baseadas no traballo por proxectos e nos centros de interese do alumnado, que fomenten a curiosidade, a creatividade e a aprendizaxe significativa.
- Mellorar a coordinación e colaboración coa comunidade educativa e coas institucións da contorna, establecendo redes de cooperación que enriquezan o proxecto educativo e contribúan ao desenvolvemento social e cultural do medio, mediante xornadas de convivencia e actividades conxuntas.
- Previr a violencia de xénero e calquera tipo de actitude ou comportamento discriminatorio, promovendo relacións baseadas no respecto, a empatía e a igualdade efectiva entre todas as persoas da comunidade educativa, dotando ás aulas de material coeducativo e recursos cos que traballar
- Propiciar dinámicas e actividades de reflexión que permitan identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinación ou discriminación por razón de xénero que poidan xurdir na realidade diaria do centro, mediante rutinas e talleres nas aulas.
- Participar activamente en iniciativas e accións colaborativas orientadas á promoción da igualdade, en coordinación co ANPA Pequeval, o Concello, o CIM (Centro de Información á Muller) e outras asociacións e colectivos locais comprometidos coa coeducación. Desenvolvendo unha ENAPA e propostas para o alumnado.

	<ul style="list-style-type: none"> • Implicar ás familias no proceso de educación en igualdade, informando e sensibilizando sobre actitudes, xogos e prácticas cotiás que contribúan a eliminar estereotipos e discriminacións baseadas no xénero. Desenvolveranse accións formativas, talleres e dípticos. • Analizar a tipoloxía dos xogos e xoguetes dende unha perspectiva de xénero, mediante obradoiros e xogos de libre circulación, co obxectivo de detectar carencias, desigualdades e estereotipos e favorecer unha participación equilibrada e inclusiva do alumnado.
--	--

29. OUTROS PANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O

CENTRO

Plan/Proxecto: ERASMUS+ "AULAS MIXTAS EN EL ENTORNO RURAL"			
Descrición do programa	Proxectos de corta duración para a mobilidade de alumnado e persoal de Educación Escolar (KA122-SCH)		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Seguir medrando no noso labor docente de cara a xerar un maior impacto na nosa comunidade educativa. Buscar unha internacionalización do noso centro, colaborando con outros centros educativos, creando así unha comunidade educativa inclusiva, sostible e de calidade. - Analizar liñas de funcionamento de centros educativos referentes en Europa, trazando similitudes, estudando e observando posibles campos de aplicación, para optimizar os nosos recursos materiais e dotar ao noso alumnado de ferramentas e mecanismos para unha mellor autoxestión. - Avogar pola capacitación profesional do profesorado, afianzando e ampliando coñecementos, tomando como referente aos mellores modelos educativos do panorama europeo. 		
Axentes implicados	Profesorado		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Realización das mobilidades por parte do profesorado dentro do programa Erasmus+.
Responsables	Marta Pérez, Antía Piñeiro, Samai Rosales, Tamara García, Paula Rodríguez e María Consuelo Iglesias.
Actividades	Mobilidades de curta duración con aprendizaxe por observación formación en Alemania, Noruega e Italia.

Plan/Proxecto: VOZ NATURA	
Descrición do programa	Programa de educación medioambiental de La Voz de Galicia.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender que formamos parte dunha contorna que necesitamos para vivir. - Desenvolver hábitos de respecto e valoración do medio natural próximo, tomando conciencia da importancia do mesmo na vida das persoas e dos animais. - Coñecer o medio natural que nos rodea e fomentar accións encamiñadas ao seu coidado. - Discriminar distintas árboles e plantas da contorna, as súas sementes, características... - Coñecer o ciclo de vida de distintos animais. - Promover hábitos de vida saudables. - Reducir a nosa pegada ecolóxica. - Identificar e explicar algúns feitos favorables e desfavorables da acción humana sobre a contorna natural. - Participar na limpeza e recuperación de zonas naturais próximas ás escolas. - Coñecer a importancia dos tres R: Reducir, Reutilizar e Reciclar; para contribuír ao coidado do medio natural. - Favorecer un consumo responsable, adoptando criterios ambientais na compra e consumo de produtos. - Crear espazos de calidade ambiental e visual. - Xestionar de xeito eficiente a auga. - Aforrar enerxía e incrementar a eficiencia enerxética. - Potenciar o transporte ecolóxico.

	- Crear escolas sostibles.		
Cursos implicados	Todas as aulas do CRA		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Implicación da Comunidade Educativa		
Responsables	Sara Veiga		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Exploración dos montes próximos e paseos pola contorna para coñecer as especies autóctonas que se dan nela. - Obradoiros de traballos manuais e outras actividades didácticas, a partir dos froitos as árbores que podemos recoller a carón das escolas, tales como landras, bugallos, castañas... - Talleres de outono e de primavera aproveitando a vexetación da contorna. - Tarefas de limpeza das zonas exteriores das escolas e da contorna natural próxima a elas. - Plantación de distintas plantas e árbores autóctonas no noso patio. - Construción de sementeiros, de distintas plantas para logo transplantar. - Creación de hortos nos patios das escolas para que o alumnado plante e realice todos os coidados que requiren as plantas a diario para poder crecer, tales como regar, limpar as malas herbas..., ata que chegue a hora de recoller os froitos. - Coidado de pequenos animais. - Elaboración, con material de refugallo, de comedeiros para paxaros que colgaremos das árbores dos patios ou de zonas próximas ás escolas. - Fomento de hábitos saudables a través da horta. - Colaboración coas familias para compartir con elas o gusto pola natureza e o coidado da mesma. - Renovación progresiva dos materiais e xoguets utilizados nas aulas e nos patios, intentando na medida do posible, reducir ou eliminar os plásticos e substituílos por elementos naturais tales como, madeira, cortiza, pedras... 		

	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de melloras nos patios das escolas, buscando patios inclusivos, que favorezan o xogo libre dentro dunha contorna o máis naturalizada posible. - Reflexión sobre a compra de certos produtos nas distintas tendas, comezando pola utilización de bolsas de tea para levar a compra, fomentando a compra de produtos frescos, produtos a granel evitando os produtos con moita embalaxe... - Concienciación do alumnado na redución do consumo excesivo en xeral, e de certos materiais en particular, como son os panos de papel, toallas húmidas, papel de aluminio, plásticos...; sobre todo nas merendas, nos disfraces de entroido e nas distintas actividades didácticas realizadas ao longo do curso. - Clasificación dos diferentes tipos de residuos nos distintos contedores (azul-papel e cartón, amarelo-envases e plásticos, marrón-residuos orgánicos, verde-residuos que non se poden reciclar). - Xestión dos restos orgánicos no composteiro de cada escola para a realización de compost e a súa posterior utilización como fertilizante no horto escolar. - Recollida de tapóns xerados nas aulas (pegamentos, rotuladores, bolígrafos...). - Implantación dos tres R nas escolas. Reducir o consumo en xeral e de certos elementos en particular. Reutilizar, darlle unha segunda vida aos distintos materiais utilizados no día a día das escolas. Reciclar, separar correctamente os residuos que producimos nas aulas para que os poidan rexenerar ou transformar en novos materiais que se poidan volver a utilizar, deste xeito conseguimos reducir, por un lado, o consumo de novos recursos naturais, e por outro, a cantidade de residuos que producimos.
--	---

PROGRAMA "GENERACIÓN DOCENTES" DA FUNDACIÓN PRINCESA GIRONA	
Descrición do programa	Programa da Fundación Princesa Girona no que se incentiva o talento e a realización das prácticas de grao de mestre en escolas rurais de referencia a nivel estatal. Por quinto ano consecutivo fomos elixidos como un dos

	centros rurais no que una alumna realizará o seu período de formación do grao de El. Generación Docentes - FPDGi		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e formar futuros talentos docentes. - Poñer en valor a calidade das escolas rurais. 		
Cursos implicados	As alumnas realizarán as prácticas nunha das escolas durante o tempo preciso para desenvolver o seu Proxecto. Logo poderán ter estancias nas restantes escolas coa fin de enriquecerse da diversidade e formas de ensinanza resultantes do profesorado e alumnado do resto das escolas.		
Temporalización	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Grao de satisfacción da alumna co centro educativo. Grao de aceptación do alumnado e profesorado.		
Responsables	Equipo Directivo e titora de prácticas.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Acollida das alumnas facilitándolle a súa adaptación á realidade galega en xeral e ao centro en concreto. - Deseño e implementación de programas e proxectos requeridos para a superación do período de formación, así como do TFG. - Avaliación da alumna e coordinación co profesorado da Universidade. 		

COLABORACIÓN COA USC E UVIGO ACOLLENDO ALUMNADO DE PRÁCTICAS E REALIZANDO DIFERENTES INVESTIGACIÓNS E TRABALLOS (TFG, TFM, TESES DOUTORAMENTO...) E RECIBINDO ALUMNADO COMO PARTE DA SÚA FORMACIÓN PARA MATERIAS DE GRAOS/MESTRADOS	
Descrición do programa	Colaboramos con profesionais e alumnos/as das distintas universidades para a realización de investigacións, entrevistas, traballos... así como para que poidan realizar os seus períodos formativos nas nosas escolas sendo titorizados polo noso profesorado. Acollemos alumnado da USC como parte da súa formación enmarcada en diferentes materias de grao/mestrado.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Contribuír á formación dos alumnos e alumnas das distintas universidades galegas do Grao de Educación infantil. - Colaborar nas distintas investigacións e traballos que se desenvolven nas Universidades. - Visibilizar e poñer en valor a realidade educativa rural aos futuros profesionais da educación.

Cursos implicados	Todas as escolas		
Temporalización	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Nº de alumnado que nos elixe para realizar as súas prácticas.		
Responsables	Equipo Directivo e titoras.		
Actividades	Realización do período de prácticas. Entrevistas, enquisas, cuestionarios, observación en aula, implementación de proxectos, etc.		

30.PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- Establecemento de medidas dunha avaliación do funcionamento do centro: resultados académicos, práctica docente, relacións coa comunidades educativa.
- Medidas e recursos para levala a cabo: enquisas, anotacións, reunións do profesorado e do consello escolar.
- Temporalización: todo o curso. A avaliación é fundamental que sexa continua, non só se pode realizar en momentos puntuais.